

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/18/2023	GOB18I032
2G71643Y2R043R3A0WNY	
2 2G71643Y2R043R3A0WNY \ »	
2 2G71643Y2R043R3A0WNY \ »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTECINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a NATALIA HERMIDA RICO D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY D/D^a TANIA NOVO MOURIZ D/D^a NURIA YAÑEZ FREIRE D/D^a PEDRO PORTELA PARGA D/D^a GONZALO IGLESIAS BLANCO D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ D/D^a BEATRIZ MOSQUERA PUENTES D/D^a JORGE ULLA ROCHA D/D^a SILVIA MARIA DE ARRIBA FERNANDEZ</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL.:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vintecinco de xaneiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno por asentemento, deulle a súa aprobación.

2 º.- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO "REVISIÓN E REDACCIÓN DUN NOVO PLAN XERAL DE

ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN". -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O xefe do Servizo de Contratación, en data 15 de xaneiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia, o informe-proposta que di:

“Expediente CON/93/2021: Cesión do contrato denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón”

Asunto: Proposta de suspensión da execución do contrato

En relación ao contrato de servizos denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón”, e en cumprimento do disposto na D. A. 2ª da 30/2007, de 30 de outubro, do Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), emítese INFORME-PROPOSTA en base aos seguintes

ANTECEDENTES

O Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2022, adoptou entre outros, o acordo que di:

PRIMEIRO: Ter por acreditados os requisitos exixidos para a autorización da cesión do contrato denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón”, segundo o acordo plenario deste Concello de data 30 de setembro de 2021.

SEGUNDO: Dispoñer, en favor de Arqyur S. C., con CIF J15541246, o crédito de 119.790,00 € (99.000,00 € de base máis 20.790,00 €, correspondentes ao 21% de IVE) nos orzamentos en vigor, con cargo á aplicación orzamentaria 1510 22706.

Nos orzamentos de 2024 deberá consignarse o crédito de 59.895,00 € (49.500,00 € de base máis 10.395,00 €, correspondentes ao 21% de IVE), en favor da mesma entidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

TERCEIRO: En canto ao prazo de duración do contrato, será de dous anos, a contar desde o día seguinte ao da recepción deste acordo pola entidade cesionaria.

(...)

A notificación fidedigna deste acordo tivo lugar o 7 de marzo de 2022, expirando en consecuencia, o prazo de execución do contrato, o vindeiro 7 de marzo de 2024.

O día 29 de novembro de 2023, a empresa ARQYUR S.C. presenta no Rexistro deste Concello o documento para a aprobación da revisión do PXOM.

Con data 12 de xaneiro de 2024, polo xefe dos Servizos Técnicos Municipais e pola xefa do Servizo de Obras e Urbanismo emitiuse e trasladouse a este Servizo de Contratación, un informe que vén concluír:

O día 29.11.2023 a empresa Arqyur S. C. presenta o documento para a aprobación da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón.

Dende ese momento o equipo redactor non pode continuar cos traballos obxecto do contrato, á espera da emisión dos informes técnicos municipais e, no seu caso, a aprobación inicial do documento.



Tendo en conta que logo de que sexa aprobado inicialmente o documento será sometido a información pública durante dous meses, e serán solicitados os informes sectoriais correspondentes.

En base ao exposto, os técnicos asinantes deste informe propoñen ao órgano de contratación que acorde a suspensión do contrato dende o 29.11.2023, data na que foi presentado o documento para a aprobación inicial, ata que sexa emitido novo informe dende Urbanismo no que se determine que o momento procedimental no que se atopa o expediente permite ao equipo redactor retomar o traballo de revisión do PXOM.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Dispón o artigo 203.1 da LCSP:

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 200, estenderase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Respecto desta facultade de suspensión, sinala igualmente o artigo 103.1 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RXLCAP):

A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei –referencia que ha entenderse ao precitado artigo 203 da LCSP– será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista e deberá levantarse no prazo máximo de dous días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel no que se acorde a suspensión.

Visto o informe conxunto dos Servizos Técnicos Municipais e do Servizo de Obras e Urbanismo, procede a suspensión temporal total da execución do contrato, con efecto desde a data sinalada naquel documento, por entenderse que desde ese momento non resultaba posible continuar coa execución dos traballos, sen prexuízo da subscrición da acta ao que se refire o artigo 203.1 LCSP e 103.1 do RXLCAP.

Unha vez desaparecidas as causas que motivan a suspensión, polo órgano de contratación procederase ao levantamento desta, reanudándose en consecuencia o prazo de execución do contrato.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO: Suspender a execución do contrato de servizos denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón”, cedido a ARQYUR S. C., con CIF J15541246, mediante acordo plenario de data 24 de febreiro de 2022.

SEGUNDO: A suspensión terá carácter temporal total, con efectos desde o 29 de novembro de 2023, sen prexuízo da obrigatoriedade de achegar a acta á que se refiren as consideracións xurídicas expostas neste informe.

Unha vez desaparecidas as causas que motivan a suspensión, polo órgano de contratación procederase ao levantamento desta, reanudándose en consecuencia o prazo de execución do contrato.

TERCEIRO: Notificar este acordo á empresa contratista.”

Visto este informe-proposta, e visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de Tega -5- e BNG -2-; e as abstencións do PP -3- e PSdeG-PSOE -1- da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 18 de xaneiro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Suspender a execución do contrato de servizos denominado “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón”, cedido a ARQYUR S. C., con CIF J15541246, mediante acordo plenario de data 24 de febreiro de 2022.

SEGUNDO: A suspensión terá carácter temporal total, con efectos desde o 29 de novembro de 2023, sen prexuízo da obrigatoriedade de achegar a acta á que se refiren as consideracións xurídicas expostas neste informe.

Unha vez desaparecidas as causas que motivan a suspensión, polo órgano de contratación procederase ao levantamento desta, reanudándose en consecuencia o prazo de execución do contrato.

TERCEIRO: Notificar este acordo á empresa contratista.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todas e a todos. O día 29 de novembro de 2023 a empresa Arquir presentou no Rexistro do concello un documento para a aprobación da revisión do PXOM.

Con data 12 de xaneiro de 2024 o xefe dos Servizos Técnicos Municipais e a xefa do Servicio de Obras e Urbanismo emitiu e trasladou ao servizo de Contratación un informe que dende ese momento, o día 29 de novembro de 2023, o equipo redactor non pode continuar cos traballos obxecto do contrato á espera da emisión dos informes técnicos municipais e en todo caso, a aprobación inicial do documento.

En base ao exposto, os técnicos asinantes deste informe propoñen ao órgano de Contratación que acorde a suspensión do contrato dende o 29.11.2023, data na que foi presentado o documento para a aprobación inicial, ata que sexa emitido novo informe dende Urbanismo no que se determine que o momento procedimental no que se atopa o expediente permite ao equipo redactor retomar o traballo de revisión do PXOM.

Por eso traemos aquí este punto a aprobación. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: nós queremos que o Plan Xeral de Ordenación que esté canto antes rematado, sendo que ademais hai moita xente esperando por el. Tamén é certo que cremos que esta medida non vai retrasar en nada o PXOM e a nosoutros o que nos interesa é que a exposición pública que se faga ben, porque é moi importante a participación da cidadanía..., de todas maneiras esperamos que non se demoren moito os informes técnicos do concello. Estaremos atentos e volveremos a falar. Entoncez bueno, o noso voto será favorable.



-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todas e a todos.

Bueno, referente a suspensión da execución do contrato para a redacción do PXOM de Narón, a verdade é que nos sorprende un pouco, como se fai este trámite. O que nos gustaría como dixemos cando se aprobou este novo contrato, que foi alá en febreiro do ano 2022, que sabíamos claramente que 2 anos non eran suficientes e daquela non se nos explicou os motivos polos que se tiña que facer por 2 anos.

A verdade que lle teño que agradecer ao Sr.secretario, que me explicou por que se tiña que facer por 2 anos. E se nos explican as cousas, dende a oposición podémolo entender perfectamente. Pero tamén nos gusta saber as cousas para cando teñamos que votar ter claro o que temos que facer.

Entonces lles insisto unha vez máis. Espero que esto non sexa un atasco para aprobar o plan de ordenación municipal, creo e considero que é moi urxente e necesario e tamén espero e desexo que o equipo redactor siga podendo facer os informes e que sexa quen asesore, cando esté a exposición pública o plan. Ten que haber uns técnicos que asesoren e que den información ás persoas que veñan a preguntar e a enterarse polo plan. É certo que quedan 5 meses, ides ter que axustar moito para que realmente dé tempo a que se remate e a que se aprobe provisionalmente. Xa non definitivamente, provisionalmente.

Unha vez que esté aprobado provisionalmente poderanse facer outros trámites. E reitero, nós ímonos abster porque si que temos interese en que se aprobe o plan xeral de ordenación municipal, pero de verdade que temos interese tamén en que se nos explique as cousas claramente, por que se fan e cal é o motivo. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Unicamente puntualizar que o noso voto vai ser favorable, entendemos que unha vez que o secretario do Concello de Narón, nos explicou as circunstancias e que vai en beneficio do pobo de Narón, e tamén compartimos coas outras forzas que ten que ir urxente o Plan de urbanismo pero, neste caso, entendemos que é unha medida que é acertada para todo Narón.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, por aclarar. Realmente esta suspensión non dilata nada. Agora mesmo vos entregamos tamén, neste caso á oposición, para que teñades tempo para que logo non digades, en 15 días non dá, entendemos que é un documento que é moi amplo, que é importante e eso tamén nos gustaba que tivese o tempo suficiente. E como decía, esto o único que vai facer é paralizar pero agora mesmo, quero decir, paraliza os prazos pero non en absoluto a tramitación, por que? Porque agora mesmo está por parte dos redactores do plan, entregado todo no concello e seríamos nós os que teríamos que dar o seguinte paso. E o decíamos, queremos que esté aprobado o antes posible, pero o que sí tamén sin saltarnos ningún paso e neste caso, cremos que ten que ter unha exposición o suficientemente ampla como xa vimos, e como tamén agora mesmo podeades ver, que estades tendo un tempo suficiente para poder analizalo.

Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

3 º.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN

ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2024" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente relativo á Participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, o xefe do Servizo de Contratación, en data 17 de xaneiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“Vista a seguinte normativa e documentación remitida pola Deputación Provincial:

- Circular, remitida a este Concello con data 28 de novembro de 2023, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2024”.
- Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de novembro do 2023 (BOP nº 227, de 28 de novembro de 2023).

As cantidades do POS+2024 asignadas a este Concello para cada uns dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2024	Achega provincial 2023	Total POS+2024
605.379,79 €	469.478,20 €	1.074.857,99 €

Ao abeiro de dito Plan, é intención deste Concello acometer as seguintes actuacións, tal e como indica a Memoria subscrita pola Alcaldía-Presidencia:

1. Financiamento de gastos de limpeza viaria, con cargo á “Achega provincial 2024”.
2. Execución dos seguintes investimentos financeiramente sostibles, con cargo á “Achega provincial 2023”:

INVESTIMENTO	IMPORTE
REFORMA DAS PISTAS DE ATLETISMO E HOMOLOGACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN RÍO SECO	141.335,50 €
ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE A GÁNDARA	166.589,61 €
REPOSICIÓN DE PAVIMENTO EN CAMIÑOS DE SALGUEIRAL, AS COBAS E OUTROS	174.999,00 €
TOTAL	482.924,11 €

3. Execución, en caso de se consolidar os fondos provinciais para a súa financiación, do seguinte investimento financeiramente sostible con cargo ao POS+2024 COMPLEMENTARIO:

INVESTIMENTO	IMPORTE
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-PLACENTE	702.572,52 €
TOTAL	702.572,52 €

A citada memoria contén a descrición das actuacións, así como os criterios de selección aplicados para a súa inclusión no Plan.

Por outra banda, no informe adxunto subscrito por este funcionario detállase o Plan de Financiamento necesario para acometer ditas actuacións, que contarán con fondos propios e

provinciais, no marco das achegas provinciais 2024 e 2023, e a posible aprobación do Plan Complementario.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte

PROPOSTA :

PRIMEIRO: “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2024” e con cargo á ”achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	605.379,79 €
Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	605.379,79 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
REFORMA DAS PISTAS DE ATLETISMO E HOMOLOGACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN RÍO SECO	137.400,34 €	3.935,16 €	-	3.935,16 €	141.335,50 €
ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE A GÁNDARA	161.951,31 €	4.638,30 €		4.638,30 €	166.589,61 €

REPOSICIÓN DE PAVIMENTO EN CAMIÑOS DE SALGUEIRAL, AS COBAS E OUTROS	170.126,55 €	4.872,45 €		4.872,45 €	174.999,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	469.478,20 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda do concello coa deputación (préstamo provincial):

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
Subtotal redución de débeda do concello coa deputación	

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	605.379,79 €				605.379,79 €
	Achega 2023 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	479.478,20 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA CO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024					
	Achega 2023					
D- TOTAL	Achega 2024	605.379,79 €				605.379,79 €
	Achega 2023	479.478,20 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €
	TOTAL	1.074.857,99 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	1.088.303,90 €

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entra a columna A e a B)
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-PLACENTE	702.572,52 €	-	702.572,52 €
TOTAIS	702.572,52 €	-	702.572,52 €

TERCEIRO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



CUARTO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Polo anteriormente exposto e logo da toma de razón da Intervención Xeral deste Concello con data 17 de xaneiro de 2024 (documento ICO18I000), e visto o ditame favorable por maioría cos votos a favor de TEGA(2) e 3 abstencións (1 PP,1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción da seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO: “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2024” e con cargo á ”achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	605.379,79 €
Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	605.379,79 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga	Total Concello	

			potable)		
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
REFORMA DAS PISTAS DE ATLETISMO E HOMOLOGACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS EN RÍO SECO	137.400,34 €	3.935,16 €	-	3.935,16 €	141.335,50 €
ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE A GÁNDARA	161.951,31 €	4.638,30 €		4.638,30 €	166.589,61 €
REPOSICIÓN DE PAVIMENTO EN CAMIÑOS DE SALGUEIRAL, AS COBAS E OUTROS	170.126,55 €	4.872,45 €		4.872,45 €	174.999,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	469.478,20 €	13.445,91 €	-	13.445,91 €	482.924,11 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda do concello coa deputación (préstamo provincial):

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
Subtotal redución de débeda do concello coa deputación	

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	605.379,79 €			605.379,79 €
	Achega 2023 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024				
	Achega 2023	479.478,20 €	13.445,91 €	-	482.924,11 €
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA CO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024				
	Achega 2023				
D- TOTAL	Achega 2024	605.379,79 €			605.379,79 €
	Achega 2023	479.478,20 €	13.445,91 €	-	482.924,11 €
	TOTAL	1.074.857,99 €	13.445,91 €	-	1.088.303,90 €

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entra a columna A e a B)
AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE SEDES-PLACENTE	702.572,52 €	-	702.572,52 €
TOTAIS	702.572,52 €	-	702.572,52 €

TERCEIRO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, neste caso, traemos a nosa proposta para a participación do Concello de Narón dentro do POS cunha cantidade destinada a gasto corrente como ben sabedes para o contrato de residuos sólidos urbanos e por outra parte, a parte de inversión e investimentos financeiramente sostibles tamén traemos, creo que as obras de importancia para o concello como pode ser a reforma das pistas de atletismo e a homologación de instalacións deportivas en Río Seco, o acondicionamento do local social de A Gándara e a reposición de pavimento en camiños de Salgueiral, As Cobas e outros.

Por outra banda, tamén dentro do POS 2024 complementario, pois vai esa ampliación de saneamento da zona rural como é neste caso na parroquia de Sedes. Nada máis, moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Comparar o POS cos orzamentos da Xunta de Galicia. No POS temos a aportación ao Concello de Diputación e pola contra nos orzamentos da Xunta de Galicia, outro ano máis, vemos que nos corresponde con cero euros.

Nós imos a apoiar, como non pode ser doutra maneira, este punto pero o que si queremos facer mención e un especie de autocrítica para que o ano que ven, por parte do grupo de goberno se negocie, neste caso coas forzas da oposición porque non se representa a toda a maioría neste caso, da cidadanía de Narón.

Entendemos que por responsabilidade, estas memorias veñen feitas porque se fan dun ano para outro, respecto as de 2024 para 2025, eu o que lle insto ao goberno é que se sente a falar. Que poñamos en conxunto as obras que queiramos facer respecto ao POS.

Esa é a miña petición e polo demais dicir que por responsabilidade, imos apoiar este punto.

-Sra.Ledo Díaz: boa tarde a todas e todos.

O Plan Único de concellos se ven realizando dende que o xestiona o Bloque Nacionalista Galego na Diputación de maneira equitativa, e teño que dicir que dende o BNG somos unha organización que consideramos que as Diputacións provinciais deberían ser eliminadas porque repartir ás veces diñeiro... ás veces repartir a concellos amigos e non se debe de facer así. De feito dende que está o Bloque Nacionalista Galego co POS na Coruña o que se fai é eso, repartir equitativamente.

Non estou de acordo co que se acaba de dicir, non é diñeiro que aporte a Diputación, realmente ese diñeiro é dos concellos e dos veciños, nós o consideramos así. Ese diñeiro corresponde ao concello, e aos veciños e veciñas e por eso se ten que investir. E por eso se fai de maneira equitativa, e por eso vai para facer investimentos.

É importante recordalo porque é verdade que estamos nun concello onde o partido maioritario non ten representación na Deputación da Coruña, o Partido Popular tampouco, pero aí está o BNG que considera que non se lle pode dar a amiguetes. Con todo isto agradecemos que dende hai 1 mes se nos informase do que se pretendía e, no concello cando se dá a información en tempo agradecemos, cando non insistimos, criticamos e... para tela e neste caso consideramos que é necesario.

Tamén temos que dicir en canto a homologación das pistas de atletismo, hai anos que levades decindo que se vai facer e é unha demostración máis de que se xestiona tarde no concello de Narón como por exemplo, o do local da Gándara que sí que é necesario unha reforma pero tamén é verdade que estamos a falar dun proxecto que leva anos aí no caixón.

Alegrámonos cando se nos dixo que se ía mirar, se chegaba a tempo o dos vestiarios de Río Seco, que ademais houbo unha moción aquí que presentou o BNG para ter esa... do deporte no que nos beneficiamos todos os naroneses e naronesas pero tamén queremos recordar que ese día se nos dixo que había xa un estudo a ese respecto do que nós eramos coñecedores porque nolo dixera "alguén". Eso non era certo pero dixemos, bueno, pois ao mellor si que hai ese estudo e o pedimos por Rexistro e non se nos deu información. Pensamos que se ía facer rápido ese estudo, se nos di que se ía a incluír neste POS pero non chegou nin sequera a dos vestiarios, entón sabemos que non está feito e que hai proxectos moi interesantes para Narón que teñen que esperar e que esperemos que sí que agora estén anotados...

Con todo isto non imos a impedir por suposto, que todo o que sexa investimento, que sexa gasto corrente aquí a partida é bastante elevada, vai a ir a gasto corrente e o diñeiro que se invista no concello de Narón, na veciñanza e por eso nós non nos imos a opoñer.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Sobre a repartición que se fai do plan de obras e servizos (POS) sendo conscientes da necesidade de realizar determinadas obras e que posiblemente sexan moi necesarias todas desde hai tempo.



O noso grupo considera que é posible facer un mellor reparto de outra forma, e poder chegar a investir estes fondos nas obras para os que foron creados, os ditos fondos son para obras de servizos básicos, como reparación en rúas, camiños, saneamento, alumeados, entre outros. E realmente invístese moi pouco nesas partidas.

Temos camiños que están nun estado lamentable como:

Camiño Aldea Barreiros (SEDES) que necesita con urxencia reparación.

Camiño de Cornido

Camiño sober da Pardiñeira (Villallonte) entre outros.....

Saneamento nas distintas zonas que todavía non teñen, Doso, Pedroso, Sedes etc. Ou alumeados públicos.

Nós consideramos que o acondicionamento do local social de Gándara, non temos dúbidas de que sexa necesario arranxalo, non temos dúbidas, no, pero creo que hai outras opcións e outras posibilidades de conseguir os fondos, para ese arranxo como pode ser a través de Seitura 22, fondos FEADER ou outro tipo de subvencións que hai dende a comunidade autónoma para este tipo de edificios, e que considero que eses fondos estaban moito mellor investidos nalgunhas estradas, que como dixen, están nun deterioro grande.

E despois tamén, no tema dos gastos correntes, consideramos que tedes que ir controlando e baixar esa cantidade porque practicamente o 57% dos fondos que veñen para obras e servizos da Deputación, pois son para gastos correntes e considero que hai moitas obras para facer e intentar que eses gastos correntes se fagan con previsión propia dende o concello, sen ter que ser dende a Diputación.

Nós como dixen antes, ao inicio, é certo que as obras todas son necesarias e o que desexamos é que as que se propuxeron que se executen como se deben de executar, que os proxectos sexan avaliados e comprobados por técnicos municipais e que esos técnicos municipais dean o visto bo, e que despois as direccións de obras fagan o seguimento correspondente para que non teñamos algúns percances como estamos tendo en moitas obras. Eso é o que nos gustaría que se fixera.

Nós sí que imos a votar a favor pero tamén nos gustaría que se nos tivera en conta... porque nós fixemos algunha proposta dalgunha obra e dalgún camiño que urxe reparalo e que non se tivera en conta e que non se metera nestas propostas pois.... Pola nosa parte nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: sí, só por contestar a esta última intervención. Loxicamente traemos estas propostas e neste caso, a reposición de pavimento en camiños non quere dicir, que vai a ser o único que este concello, o grupo de goberno faga. Loxicamente no presuposto, sexa máis ou sexa menos, tamén é previsión de reposición de pavimentos ou amaños de pistas tanto na zona rural como urbana.

E por parte do saneamento sí que nos gustaría poder facer moito máis, estamos á espera de que a Xunta tamén invista no noso concello, o mesmo que inviste no concello veciño para poder facer esa inversión moito máis ampla dentro do saneamento do rural neste concello.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, estamos de acordo en que se lle fagan propostas á Xunta para que invista. Pero o que lle digo é que dos camiños que nós propuxemos en tempo e forma e hai tempo, e ademais que os pode vostede comprobar e teño entendido que algún o foi comprobar, que non os meteu nesta proposta. Polo tanto, suxírolle que faga a reparación o antes posible. Que faga os proxectos e que habilite eses proxectos para poder arranxar eses camiños. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: A favor 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

4 °.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 1/2024" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente relativo á Participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2024, o xefe do Servizo de Contratación, en data 17 de xaneiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“Vista a seguinte normativa e documentación remitida pola Deputación Provincial:

- Circular, remitida a este Concello con data 28 de novembro de 2023, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2024”.
- Circular, remitida a este Concello con data 4 de decembro de 2023, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a regulación do POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

As cantidades do POS+ADICIONAL 1/2024 asignadas a este concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 son os que se sinalan na seguinte táboa:

Concello	Narón
Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2024 para gastos sociais extraordinarios	172.965,65 €

Ao abeiro de dito Plan, é intención deste Concello, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo Sociocomunitario, financiar parte dos gastos soportados por este Concello para a prestación do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Dependencia.

No informe adxunto subscrito por este xefe de Servizo, detállase o Plan de Financiamento necesario para a prestación do servizo, que se financia con fondos propios municipais, co pagamento dunha taxa polos usuarios e cunha subvención da Xunta de Galicia, ademais da subvención do ente provincial e que é obxecto desta proposta.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da

Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024	172.965,65 €
Dato notificado que figura no seu expediente	

(A) PREVISIÓN DE GASTOS 2024
 (B) ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS
 (C) ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (A-B)
 (D) PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024
 (E) OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (C-D)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024: GASTO CORRENTE	A	B	C	D	E
<p>e. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.</p> <p>O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	3.696.219,70	2.367.941,31	1.328.278,39	172.965,65	1.155.312,74
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	3.696.219,70	2.367.941,31	1.328.278,39	172.965,65	1.155.312,74

	A	B	C	D	E
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	3.696.219,70	2.367.941,31	1.328.278,39	172.965,65	1.155.312,74

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	172.965,65
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	-
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	-
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I+II+III)	172.965,65

SEGUNDO: Comprometerse a **facer constar a colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Polo anteriormente exposto e logo da toma de razón da Intervención Xeral deste Concello con data 17 de xaneiro de 2024 (documento ICO18I00N), e visto o ditame favorable por maioría cos votos

a favor de TEGA(2) e BNG (1) e 2 abstencións (1 PP e 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción da seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024	172.965,65 €
Dato notificado que figura no seu expediente	

- (A) PREVISIÓN DE GASTOS 2024
 (B) ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS
 (C) ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (A-B)
 (D) PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024
 (E) OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (C-D)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024: GASTO CORRENTE	A	B	C	D	E
<p>c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.</p> <p>O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	3.696.219,70	2.367.941,31	1.328.278,39	172.965,65	1.155.312,74
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	3.696.219,70	2.367.941,31	1.328.278,39	172.965,65	1.155.312,74

	A	B	C	D	E
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	3.696.219,70	2.367.941,31	1.328.278,39	172.965,65	1.155.312,74

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	172.965,65
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	-
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	-
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I+II+III)	172.965,65

SEGUNDO: Comprometerse a **facer constar a colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



DEBATE

-Sr. Romero Franco: ben, como continuación do punto anterior, esta é a nosa proposta para esta achega para gastos sociais, e neste caso ese importe que supera os 170.000 euros pois irán destinados para o contrato de Axuda no Fogar e de dependencia do noso concello. Nada máis.

-Sra. Ledo Díaz: nada, que o Servicio de Axuda no Fogar é natural da Xunta, dá dereitos sobre papel pero aporta unha cantidade mínima, son os concellos os que teñen que asumir absolutamente todo. Hai concellos modelo aquí ao carón, cun orzamento moito máis baixo en proporción ademais ao noso, que fan unha contratación directa como pode ser San Sadurniño, pero tamén é verdade que son moitos os que temos o mesmo tipo de contratación e licitación que moitas veces as propias empresas que precarizan as condicións laborais e os servizos. Pero tamén sabemos que a situación na que fai que a Xunta obrigue aos mesmos concellos a traballar dunha determinada maneira nun servizo fundamental. E este problema existe e sabemos que é da Xunta de Galicia, por eso cando o Bloque Nacionalista Galego chegue á Xunta prométevosmos que a situación cambiará..... do servizo de Axuda no Fogar agora.

Ogallá que este gasto corrente fose agora nos orzamentos que hoxe non coñecemos, pero tamén entendemos que dispoñer dun diñeiro a través do POS que é un servizo necesario, e que en Narón non pasa por un bo momento porque falar de máis de 460 persoas no servizo concedido pero agardando a telo entendemos e sabemos todos aquí os que estamos nesta Corporación, que non é satisfactorio porque ademais isto ten repercusión social nos cuidados e nas persoas, e mentres non exista unha obriga de atender a todas estas persoas hai moita xente, moitas familias que se ven obrigadas a deixar traballos, a buscar alternativas e tamén hai que decilo, en precarizar ás mulleres porque nos cuidados seguimos a ser máis do 90% das persoas que estamos soportando e facéndonos cargo. E sen cuidados non hai vida, e dende as administracións temos que prestar atención. Ogallá esté posto, pero unha cantidade maior, para seguir avanzando a este respecto. Nós votaremos a favor.

-Sr. Castrillón Permuy: Grazas Sra. alcaldesa

Bueno, nós apostamos por unha xestión eficiente dos servizos tanto na Lei de Dependencia e de Axuda no Fogar, reducir as listas de agarda debería de ser unha das prioridades.

Por eso insistimos que con estes fondos, se debería de facer un estudo socio demográfico para coñecer a situación das familias de maior idade e aquelas que viven soas, de xeito que se poida actuar segundo as súas necesidades.

Está moi ben metelo nesa bolsa que hai para a Lei de Dependencia e para Axuda no Fogar pero creo que estes fondos veñen tamén pensados neste sistema, no, que temos que facer un estudio e ter claro cales son as familias que realmente necesitan esa urxencia e é algo que nós botamos de menos. Hai anos que vimos insistindo nesto e gustaríanos que dende Servizos Sociais, que o ordene a Sra. presidenta, pois que se faga estudos deste tipo para isto. Parte destes fondos son para isto.

Nós sí que imos a votar a favor, por suposto, pero facemos esa suxerencia para que o goberno actúe nese sentido. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO CON SOGAMA PARA A XESTIÓN, TRASBASE, TRATAMENTO E VALORIZACIÓN DA FRACCIÓN ORGÁNICA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: **Visto informe proposta emitido polo Técnico medio de Servizos Básicos do Concello de Narón que, literalmente transcrito di:**

“ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO - XANEIRO 2024

Vista a memoria xustificativa subscriba pola Alcaldía-Presidencia en data 14/12/2023 que, pola que se xustifica a necesidade e oportunidade de subscribir un convenio por este Concello coa entidade SOGAMA S.A., para o trasvase, tratamento e valorización da fracción orgánica de residuos sólidos; así como o impacto económico do mesmo e o seu carácter non contractual.

Visto que a adhesión réxese polas condicións establecidas na resolución do 19 de decembro de 2017 da Consellería competente en materia de residuos, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento e implantación de iniciativas empresariais en Galicia; e da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro de orzamentos xerais da CC.AA de Galicia para o ano 2014; a DA 2ª citada, establece:

“Disposición adicional segunda. Programa específico de promoción del reciclaje mediante la puesta en marcha y la gestión de una planta de compostaje promovido por la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia a través de la Sociedad Gallega del Medio Ambiente, S.A.

1. Dentro del sistema promovido por la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia para la gestión institucional de los residuos domésticos, gestionado por la Sociedad Gallega del Medio Ambiente, S.A., de acuerdo con lo dispuesto en la Ley 10/2008, de 3 de noviembre, de residuos de Galicia, se pondrá en marcha una planta de producción de compost a partir de la fracción orgánica de los residuos urbanos, con la finalidad de incrementar los porcentajes de recuperación de materiales.

2. Dicha planta dará servicio a aquellos ayuntamientos más próximos a la misma que voluntariamente decidan adherirse, hasta agotar su capacidad de tratamiento.

3. La adhesión de los ayuntamientos interesados para la entrega y el tratamiento en la nueva planta de la fracción orgánica de los residuos urbanos recogida de forma separada se efectuará mediante convenio, que tendrá naturaleza administrativa y será formalizado entre la entidad local y la Sociedad Gallega del Medio Ambiente, S.A., como gestora institucional de la instalación. La consejería competente en materia de residuos fijará las condiciones de adhesión de los ayuntamientos y aprobará el modelo de convenio para la formalización de la adhesión.

4. En garantía de la sostenibilidad financiera de la nueva instalación de gestión, se fija un canon específico de 45 euros por tonelada de residuos entregados que cumplan los requisitos mínimos que fijará la consejería competente en materia de residuos en las condiciones de adhesión, más el correspondiente IVA. Dicho canon específico se actualizará a partir del ejercicio 2018 en el mes de enero de cada año, conforme a la evolución del índice de precios de consumo gallego, publicándose su cuantía actualizada en el Diario Oficial de Galicia.

5. La gestión, liquidación y cobro del canon específico establecido en el apartado anterior estará sujeta a lo establecido en la disposición adicional vigesimoprimera de la Ley 11/2013, de 26 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2014”.

En tanto a DA vixésimo primeira da Lei 11/2013 prevé:

“Uno. El sistema promovido por la Administración autonómica para la gestión institucional de los residuos domésticos, gestionado de acuerdo con lo dispuesto en la Ley 10/2008, de 3 de noviembre, de residuos de Galicia, por la sociedad del sector público autonómico Sociedad Gallega del Medio Ambiente, se configura como un modo de gestión colectiva de los residuos municipales cuya finalidad de interés general es la de conseguir en cooperación con las entidades locales adheridas al sistema el mejor resultado ambiental global en el tratamiento de los residuos domésticos procurando la máxima eficiencia en el uso de los recursos públicos. El sistema deberá asegurar, mediante la valorización energética y material de los residuos domésticos y la eliminación en vertedero controlado de la fracción de dichos residuos para los cuales no quepa ningún otro tratamiento contemplado por la legislación vigente, que la gestión integrada de los residuos se efectúa garantizando el cumplimiento de todos los objetivos establecidos en los correspondientes planes de residuos, con unos niveles máximos de protección ambiental, buscando un coste homogéneo y el más reducido posible para todas las entidades locales adheridas a este sistema.



Dos. A los efectos indicados en el apartado anterior y para garantizar la sostenibilidad financiera del sistema se fija un canon unitario de tratamiento por tonelada, expresado en el artículo 29.b) de la Ley 10/2008, en la cantidad de 74,64 €/t más el impuesto sobre el valor añadido para el año 2014, de acuerdo con el plan de viabilidad presentado por la sociedad pública y en función de los costes totales que genera el tratamiento de los residuos domésticos en el marco del sistema. En posteriores ejercicios dicho canon se actualizará anualmente en el mes de enero conforme al índice de precios al consumo, publicándose la cuantía del mismo en el Diario Oficial de Galicia. Este canon será de aplicación a los negocios jurídicos ya suscritos por las entidades locales con la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., para la gestión de los residuos urbanos municipales una vez transcurrido el plazo de dos meses desde la entrada en vigor de la presente norma, salvo que dentro de dicho plazo las entidades locales remitieran el acuerdo adoptado por el órgano competente de la entidad local por el cual se desiste del negocio jurídico suscrito.

Tres. Cuando por circunstancias extraordinarias de alteración de la sostenibilidad económica del sistema fuera necesario revisar la cuantía del canon unitario por tonelada de residuos domésticos para su tratamiento en el marco del sistema, el mismo será establecido por la consejería competente en materia de residuos previo informe favorable de la Consejería de Hacienda, de tal forma que no exceda de los costes totales que genere el tratamiento de los residuos domésticos en el marco del sistema. A estos efectos, por el órgano de administración de la Sociedad Gallega del Medio Ambiente, S.A., tras los estudios pertinentes en que se justifiquen los costes asociados a las operaciones de tratamiento y el desarrollo de una fase de consultas con la entidad asociativa más representativa de las entidades locales a fin de que pueda efectuar las alegaciones oportunas en la defensa de los intereses locales, se procederá a la aprobación de una propuesta de canon unitario y sus mecanismos objetivos de revisión, que se remitirá para su aprobación a la consejería. La aprobación de la cuantía del canon unitario por tonelada así como su revisión se publicarán en el Diario Oficial de Galicia.

Cuatro. La gestión, liquidación y cobro del canon unitario corresponderá a la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., que deberá expedir mensualmente las facturas correspondientes a las entidades locales, y estas deberán abonarlas en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

Cinco. La adhesión al sistema de gestión institucional de residuos domésticos será voluntaria para las entidades locales en el marco de lo dispuesto en la legislación de residuos y en el Plan de gestión de residuos urbanos, y se efectuará mediante negocio jurídico-administrativo, que será formalizado entre la entidad local y la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., como gestora del sistema. La consejería competente en materia de residuos, para asegurar el funcionamiento del sistema, previa propuesta de la sociedad pública, fijará las condiciones de adhesión de las entidades locales al sistema y aprobará el modelo para la formalización de la adhesión. Después de haberse publicado las condiciones para la adhesión en el Diario Oficial de Galicia, los negocios jurídicos que en este momento estuvieran suscritos por las entidades locales con la Sociedad Gallega de Medio Ambiente, S.A., para la gestión de los residuos urbanos municipales se entenderán modificados y adaptados a las condiciones aprobadas una vez que haya transcurrido el plazo de dos meses desde la indicada publicación, salvo que dentro de dicho plazo las entidades locales remitieran el acuerdo adoptado por el órgano competente de la entidad local por el cual se desiste del negocio jurídico suscrito.

Seis. En garantía de la sostenibilidad financiera del sistema, entre las condiciones para la adhesión figurará la de un tiempo mínimo de adhesión que permita realizar las previsiones oportunas en cuanto al volumen de residuos a tratar y la de que en caso de impago de las cantidades que corresponda abonar a las entidades locales en concepto de canon unitario estas tendrán la consideración de vencidas, líquidas y exigibles a efectos de su abono con cargo a las cantidades que correspondan a cada municipio como participación en el Fondo de Cooperación Local, a instancia de la sociedad pública, mediante acuerdo de retención dictado por el órgano encargado de la gestión del Fondo de Cooperación Local de acuerdo con lo establecido en la regulación del mismo. Las cantidades retenidas serán objeto de entrega a la sociedad pública”.

Tendo en conta os aspectos manifestados verbalmente o día 16/01/2024 pola Intervención Xeral ao informe proposta BAS17I1NZ de data 15/12/2023.

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, en data 14/12/2023, polo que entende que a documentación remitida resulta conforme a dereito. Visto que, ao abeiro do precitado informe, resulta ser o Pleno o órgano competente para acordar a subscrición do convenio. Por todo o anterior e en virtude do art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o técnico que subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e SOGAMA co CIF: A15379803, tendo en conta que os presentes datos proceden dunha simulación do plan de implantación (cálculase un aumento do 20% anual en peso da fracción); polos seguintes importes aproximados (calculados co IPC de Galicia actualizado ao ano 2024), aplicados a 5 anos:

ANUALIDADE	t FORSU	Prezo t FORSU (€) IVE Eng	IMPORTE ANUAL SIMULADO FORSU (€)
2024	80	54,84	4.387,20 €
2025	96	54,84	5.264,64 €
2026	116	54,84	6.361,44 €
2027	140	54,84	7.677,60 €
2028	168	54,84	9.213,12 €

Sufragarase con cargo á aplicación orzamentaria 1623.22700 (Tratamento de residuos/Limpeza e aseo), nos termos que sinala o convenio que se adxunta co expediente.

SEGUNDO: Facultar á Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, para a sinatura do convenio e dos restantes documentos en que así proceda en relación ao mesmo, e como representante ante a entidade conveniente para a realización dos trámites necesarios para executar o mesmo de xeito satisfactorio.

TERCEIRO: Notificar este acordo a SOGAMA”.

Visto o informe ICO18I00P emitido pola Interventora Municipal en data 17/01/2024.

E visto o ditame favorable por maioría cos votos a favor de TEGA(2), PP(1) e PSdeG-PSOE(1) e 1 abstención do BNG da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e SOGAMA co CIF: A15379803, tendo en conta que os presentes datos proceden dunha simulación do plan de implantación (cálculase un aumento do 20% anual en peso da fracción); polos seguintes importes aproximados (calculados co IPC de Galicia actualizado ao ano 2024), aplicados a 5 anos:

ANUALIDADE	t FORSU	Prezo t FORSU (€) IVE Eng	IMPORTE ANUAL SIMULADO FORSU (€)
2024	80	54,84	4.387,20 €
2025	96	54,84	5.264,64 €
2026	116	54,84	6.361,44 €
2027	140	54,84	7.677,60 €
2028	168	54,84	9.213,12 €

Sufragarase con cargo á aplicación orzamentaria 1623.22700 (Tratamento de residuos/Limpeza e aseo), nos termos que sinala o convenio que se adxunta co expediente.



SEGUNDO: Aprobar o gasto plurianual derivado da subscripción do convenio polo que se formaliza a adhesión do Concello de Narón ao Programa de específico de promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente SA, segundo consta no informe proposta do técnico medio de Servizos Básicos (xefe do servizo) do 17/01/2024 (BAS18I01H), é o seguinte:

EXERCICIO	IMPORTE ANUAL INICIALMENTE PREVISTO (€)
2024	4.387,20 €
2025	5.264,64 €
2026	6.361,44 €
2027	7.677,60 €
2028	9.213,12 €

TERCEIRO: Facultar á Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, para a sinatura do convenio e dos restantes documentos en que así proceda en relación ao mesmo, e como representante ante a entidade conveniente para a realización dos trámites necesarios para executar o mesmo de xeito satisfactorio.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, pois traemos esta proposta de aprobación deste convenio e a partir do 31 de decembro a planta para tratamento de residuos se pon en funcionamento pola entidade SOGAMA , a partir de aí o noso concello empeza a implantación de contenedores para poder botar eses verquidos e o seguinte paso a seguir loxicamente é facer este convenio con Sogama para ese tratamento e seguimos a mellorar loxicamente dunha forma creo bastante considerable a xestión dos residuos sólidos urbanos deste concello e non deixa de ser un paso máis para esa mellora do seu tratamento.

Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: nada, xa o comentamos na Xunta de Portavoces que temos as nosas dúbidas co contenedor marrón e témolas porque así nolo están decindo, no. Dende outros concellos se está traballando con este contenedor marrón sobre todo os que non teñen máis remedio que estar no modelo Sogama.

Ademais temos dúbidas, xa o sabedes dende hai anos, sobre este contrato do lixo. O primeiro xa hai anos, cando limos as bases, parécennos redactadas pola propia empresa fcc e outra, porque non se busca e aí está a parte política, a alternativa a Sogama en Narón e cremos que existe. Cremos que a nivel comarcal municipal se debería de buscar unha planta de compostaxe e nos gustaría que houbera outras alternativas.

Sabemos que eso pois hai que falar con outros concellos, que hai que chegar a acordos pero cremos que eso é posible porque hai concellos que no seu momento, que sí mostraron interese neso.

A todo isto, sabemos que o modelo Sogama nón é que o creou Narón, pero sí que o creou a Xunta de Galicia e non se fala de reciclaxe, o modelo que teñen é incineración... entón é igual os premios que dé Sogama a Narón porque ao final o plástico vai para incineración e outros contenedores van para incineración e os bioresíduos van nunha parte elevadísima para incineración. E hai alternativas, vémolos por exemplo, en Moaña que fan o composis "in situ" tamén na zona urbana e vemos outros concellos como Carballo, que xa hai 7 anos que instaláron este contenedor marrón e tamén o compostaxe directo nas zonas do rural que están tendo unha cantidade de bioresíduos muy efectivo pero tamén é bastante salientador que os propios concelleiros de Carballo, que che digan que realmente non saben que se fai cando chega a Sogama. E é o que nos vai acontecer.

Ademais o que se presenta hoxe aquí nos fai estar suxeito ao modelo Sogama ata o 2028, e nós niso non estamos de acordo. E falaba de Sogama pero podía falar doutros concellos como Allarid que cumpren a

normativa europea dende hai anos pero non é que a cumplan, é que a melloran moitísimo antes de que houbera que cumprir a lei. E nós o que queremos é ser unha alternativa verde e sustentable moito máis alá do que nos obrigue a lei e hai exemplos como na Serra de Barbanza, de outras maneiras de tratar os residuos, ou mesmo en Asturias hai moitos exemplos de cómo se traballa esto. Tratan moi ben os residuos alí. Nós cremos que todo eso hai que traballalo, hai que ser valentes e ir con outras alternativas. Igual que mencionamos Moaña, e aí está a trampa, que fai a Xunta de Galicia, que obriga aos concellos a redución do 10, do 15% do lixo e o modelo Sogama todos sabemos que se basea na incineración. Esa é a política da Xunta de Galicia do Partido Popular e nós temos que ter alternativas. E por iso non imos a votar a favor.

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que a nós alégranos que se siga crecendo neste sentido para mellorar a recollida da fracción orgánica e consideramos que é importante, non sei a que veu todo esto Olaia. Creo que non ten moito sentido no tema este. A verdade é que se fóra tan ben como dis, seguro que se vos escoitaría en moitos máis sitios, e vexo que non se vos está escoitando.

O que si que recomendaría eu aquí, o que vai ter que colocar os colectores marróns, que non se ocorra facer como fixo cando se colocaron os anteriores. Que busquen boa ubicación, que non estorben nos cruces e que non estorben á xente. E nos pasos de peóns e nos aparcamentos. Creo que debe de ser unha cousa que debedes ter unha oportunidade de facer con un estudio, e corrixir todos eses erros que houbo e que está habendo aínda en determinadas zonas.

Porque todos sabemos que hai bastantes zonas que non é suficiente a cantidade que hai de colectores e ademais acúsase en determinadas zonas cando chegamos ao fin de semana.

Polo tanto, recomendaríalles que aproveitando esta ocasión, que está moi ben e nós estamos a favor e imos a votar a favor deste, que se faga unha reubicación dalgunhas zonas e que se coloquen como nos gustaría a todos que se colocaran para que non entorpeceran tanto aos peóns como aos vehículos e que deixaran visibilidade en determinados sitios. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: dar o dato.... Loxicamente poñemos en marcha este convenio e esperemos que loxicamente vaia ben, pero tamén dicir que 77 concellos a día de hoxe, xa están adheridos a este convenio de todas as cores políticas, tanto de unhas como de outras. Entón esperemos que a xestión vaia a ben e que se non é o caso cando acabemos o convenio, se traballará para que así sexa.

-Sra.Ledo Díaz: efectivamente, estamos de acordo, por eso puxemos o concello de Carballo que ten maioría absolutista do Bloque Nacionalista Galego, que leva 7 anos implantando este modelo e que recoñece que non sabe o que fai Sogama. Tamén o coñezo o que fai Sogama no concello de Narón, na Xunta de Galicia está intentando forrar aos seus colegas que o único que fai é contaminar, contaminar e contaminar. E eso é o que temos en Galicia e é unha auténtica vergoña tendo en conta o país que temos e os recursos que temos para ser sutentables. E hai exemplos, igual que Allarid, tamén o fai Arteixo,

Dende logo que o Partido Popular a este respecto, o único que poida falar é como se van a colocar os contenedores, é importando como se está tratando, e esperemos ... e ollo non nos confundamos, as persoas do Bloque Nacionalista Galego, somos as primeiras que nos imos a presentar voluntarias para utilizar o colector marrón como non podía ser doutra maneira. Por suposto que sí. Pero a nós o que nos preocupa é o que pasa ao final con eses bioresíduos. Preocúpanos moito porque sabemos cal é a situación actual de Sogama. E neso temos que loitar todos os concellos, aquí temos que falar de cousas serias do qué se está facendo e non sobre a colocación dos contenedores que, por suposto, é importante telo ben.

Se eso é todo o que ten que decir o Partido Popular que agora mesmo está gobernando a Xunta de Galicia, pois oie, cando menos é bastante preocupante porque aquí estamos a falar do contrato do lixo, estamos a falar de política sustentable, non vale só vestir coa etiqueta verde decindo que Sogama é ecolóxica, cando sabemos a realidade que nos dan os datos. Están aí os datos, non é que o diga o Bloque Nacionalista Galego. E que están aí os datos, e aínda por riba que a Xunta de Galicia esté forzando aos concellos porque si non teñen unha redución do contrato do lixo, cando xa a financiación dos concellos de Galiza é ínfima con respecto a como vai proporcional a outras partes do estado, que eso xa é problema do estado e non lle vou a culpar ao Partido Popular pero bueno, falemos, falemos de política. A día de hoxe o modelo Sogama no que se basea é na incineración e por aí non hai sustentabilidade posible. A etiqueta verde para a fotiña, non.

-Sr.Castrillón Permuy:grazas Sra.alcaldesa.

Mira, porque o digas máis veces non vas ter máis razón. E isto é voluntario, é voluntario, ademais hai unhas normas do teu socio de Madrid, é o que están implantando estas normas a través de Europa. Esa é a realidade, o que pasa que queres ter máis razón porque o queres repetir máis veces. Pero no, non vas ter máis razón e creo que Sogama fixo unha transformación importante e que está ... poderase mellorar? Todo se pode mellorar, estou convencido que todo se pode mellorar, e Sogama tamén. Pero creo que non estamos tan mal como queres demostrar aquí, eh.

Esa é a realidade de verdade. Agora porque o digas moitas veces non vas ter máis razón. O que creo é que é un acto do Concello de Narón, pola cantidade de habitantes que ten está obrigado a facer esta adaptación, e creo que Sogama pon un convenio que, se verá se funciona ou non funciona. Estou convencido que funcionará e ademais que temos a planta en Narón, que dende logo, Narón, o servizo lle queda cómodo para depositar eses residuos nesa planta, algo que tamén debemos de valorar, que tampouco me corresponde a min asinar o convenio, lle corresponde á Sra.alcaldesa. Pero creo que é unha boa cousa.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: A favor 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

6 °.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TERRA GALEGA, BNG E PSdeG-PSOE PARA INSTAR AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A QUE REFORCE O PERSOAL DO CENTRO DE SAÚDE DE NARÓN E EN APOIO DAS REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “Os grupos políticos municipais de Terra Galega, BNG e PSdeG-PSOE presentan conxuntamente a seguinte moción para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

A plataforma SOS Sanidade Pública e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora e chaman a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

As medidas que propoñen esta plataforma son as seguintes:

- 1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS),*
- 2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais.*

3. *Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.*
4. *Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas.*
5. *Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.*
6. *Garantir a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*
7. *Reintegrar ao Sistema Público os servizos privatizados, Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas.*
8. *Elaborar de forma consensuada un Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.*
9. *Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.*
10. *Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.*
11. *Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.*
12. *Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.*
13. *Desmedicalizar o sistema, acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.*

No que atinxe especificamente á problemática de Narón, a súa veciñanza está a sufrir dende hai tempo un deterioro cada vez máis evidente da atención que recibe no Centro de Saúde de Narón, motivado fundamentalmente pola falta de persoal. Esta situación agrávase aínda máis no que respecta ao persoal dos servizos administrativos do centro, que soporta a diario unha carga de traballo que fai que os traballadores e traballadoras estean desbordados e os/as pacientes teñan que facer longas colas para seren atendidos/as no mostrador.

Se a escaseza de persoal é un feito en calquera época do ano, a situación actual, en pleno pico de infeccións respiratorias, e trala retirada, a partir do pasado día 1 de xaneiro, por parte do SERGAS do persoal de reforzo que quedaba da época da pandemia de COVID, é totalmente desesperante.

Desta situación, da que temos confirmación por parte do propio persoal do centro, son coñecedores os responsables da Xerencia da Área Sanitaria dende hai moito tempo, dando como única resposta o envío provisional dalgunha persoa de reforzo por períodos breves, o que non resulta eficiente, sendo necesaria e urxente a ampliación da plantilla asignada ao noso Centro de saúde.

En atención ós antecedentes expostos, os grupos municipais de TEGA, BNG e PSdeG-PSOE propoñen ao Pleno do Concello de Narón a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a que reforce con carácter de urxencia o cadro de persoal do Centro de Saúde de Narón, tanto de facultativos médicos e de enfermería, como de persoal dos servizos administrativos.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia a convocatoria de novas prazas e a cobertura de vacantes de persoal facultativo médico, de enfermería e administrativo do Centro de Saúde de Narón.

3º.- Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia así como o apoio á manifestación convocada por esta plataforma para o vindeiro día 4 de febreiro de 2024 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela en defensas das 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega.



4º.- *Dar traslado deste acordo á Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol e á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.*”

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de Tega -5-, BNG -2- e PSdeG-PSOE -1- ; e as abstencións do PP -3-) da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 18-01-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Interventor acctal. Sendo as 19:37' horas e non volta.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA DE ADICCIÓN

A MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TERRA GALEGA, BNG E PSdeG-PSOE PARA INSTAR AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A QUE REFORCE O PERSOAL DO CENTRO DE SAÚDE DE NARÓN E EN APOIO DAS REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA.

1. Acorda o seu apoio ás medidas incluídas no “Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria” apoiado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.

2. Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.

3. Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penais galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal sanitario propio de Institucións Penitenciarias.

4-Instar o goberno de Narón, a que habilite na rúa camiño do Lodairo (enfrente o centro de saúde), unha zona de prazas de aparcamento reservadas para los profesionais do centro de saúde que saen facer urxencias a domicilio.

5-Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España“

A Sra.Alcaldesa comenta que xa falaron cos grupos municipais que presentan esta moción e decidiron que non se acepta esta emenda.

DEBATE

-Sr. Ramos Rodríguez: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, en primeiro lugar, comentar que o día que se produce o colapso do servizo de cita previa deste ambulatorio de Narón, a Sra.alcaldesa se pon en contacto co xerente da Área sanitaria e este

Ile informa que ese mesmo día se vai reforzar a praza de PGG e se crearán 4 novas prazas, 3 de enfermería e 1 de matrona e que se vai mellorar ese programa de Software dese servizo de cita previa.

E que a maiores teñen intención un pouco así de forma apurada, cubrir esas vacantes que teñen de médicos, cun concurso de médicos que se vai a realizar creo que o mes que ven.

A maiores desto pediuse cita tamén co conselleiro da Xunta, para falar da problemática do concello. Explicar que o problema de atención primaria non é un problema puntual dunha epidemia de gripe, é un problema crónico que leva moito tempo funcionando mal, existe un problema grave de xestión e de planificación por parte da Xunta de Galicia.

En atención primaria se crearon moitos servizos, unha carteira nova de servizos facendo que en atención primaria, fixeramos moitas máis cousas: retinografías, espirometrías, consulta con proba de imaxe, control sintron, etc. etc. Pero isto non leva consigo a creación de novas prazas, é dicir, se aumentan os servizos, pero o persoal, incluso diminúe, non se cubren as vacantes, hai anos que en Ferrol, Narón, hai vacantes, 4 ou 5 vacantes sen cubrir, non se cubren as baixas de longa duración, non se cubren as vacacións de ningún profesional, e isto calquera persoa entende que é un problema grave que pode colapsar e colapsa o servizo de atención primaria.

A atención primaria, é a porta de entrada ao sistema sanitario, se esta atención falla, falla todo o demais, é dicir, a xente cando está mal, se non a atenden antes dos 15 días que están dando cita en Narón, vai a acudir ao servizo de urxencia, tanto a nivel de Pac como a nivel hospitalario. Isto que provoca? Colapso tamén nas unidades, e é máis, produce que o paciente acuda aos servizos sanitarios con enfermidades máis graves. Se non se fai unha boa prevención, a xente enferma máis.

Entonces temos que tomar en serio este tema da atención primaria, hai que reforzar este servizo, todos os políticos deberíamos estar de acordo en que é algo imprescindible e que se queremos mellorar, hai que investir máis e tratar mellor ao persoal.

Existen novos licenciados que son maltratados. Persoas que se lles fan contratos cada 3 días, e se fan contrato de fin de semana e se cesan o luns, etc.etc.

Entonces a xente cando ten oportunidade accede a traballos noutras autonomías, accede a traballos a nivel Europa porque aquí as condicións de traballo son moi duras.

Entonces eu vos pediría que os partidos políticos que tedes forza a nivel parlamentario, tanto a nivel da Xunta como do Goberno Central, fagades un esforzo para que exista un consenso en que a atención primaria debe de ser cuidada doutra maneira. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha:grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, nós non podemos estar máis de acordo co que acaba de expresar. Coincido plenamente, neste caso, de todas maneiras me gustaría facer un apuntamento, que servirá tamén para facer exposición. Isto non é nada novo, é a política das dereitas, é a política do Partido Popular, unha política que sempre prioriza o privado con respecto ao público. Dentro desa prioridade que se manifesta temos varios exemplos. Non só no tema da Sanidade, temos o tema da Educación, temos o tema do cuidado da Dependencia, temos o tema de cuidado de residencias públicas para persoas maiores. Son exemplos varios cunhas políticas que van enfocadas sempre en priorizar á xente que ten recursos económicos respecto á xente que non os ten.

Temos os orzamentos da Xunta de Galicia para Narón, tampouco quero facer referencia a eles, xa fixen referencia a eles e temos que explicarllo á xente. Os servizos públicos nacen dos impostos e eses impostos sirven entre outras cousas, pois que cando nos atopemos mal vaiamos ao centro de saúde e que exista un persoal cualificado que nos poida atender. Que pasa? Ben o dis Ramos. Existen vacantes que non están cubertas.

Sempre existe ese compromiso, de estabilización, de méritos, de concurso de traslados pero a aposta da Consellería da Xunta de Galicia sempre é pola precarización persoal dos profesionais. Tanto do persoal administrativo como do persoal facultativo estatutario. Se prioriza porque os teñen de certa maneira "secuestrados". No sentido de teñen que facer esas multi tarefas que mencionaches ti. É unha vergoña.



E por insistir un pouco máis nese tema. Imos a falar das dedicacións exclusivas. Imos falar dos facultativos médicos que están cobrando unha renumeración pola sanidade pública. Eu o que quero é que o meu médico me atenda na consulta da sanidade pública.

Eu non teño que acudir pola tarde a un facultativo da sanidade pública e que traballe na súa consulta privada. É lóxico que quen queira facelo que o faga. Pero o que non é lóxico é que dende a Xunta de Galicia se pactaran os sindicatos médicos a rebaixa na dedicación exclusiva. Por certo, foi corrixido, porque eso o único que fai é que os médicos pois prefiran traballar polas tardes, que cobran máis. Médicos hai, eu estou convencido, hainos. Non é un tema de convocatoria de prazas. É un tema de optimizar recursos e gastar no público.

Tamén quero falar dos concertos para a sanidade privada. Que vai ao fío do que acabo de expoñer. Moitos de nós coñecemos casos de que non nos atenden ou que nos teñan que derivar e operarnos bueno, pois no hospital que temos aquí de referencia na comarca neste caso, que é privado. Temos que apostar neso. Temos que apostar en que os nosos impostos teñen que ir para eso. E pola contra temos unhas políticas do Partido Popular que o que acaba de facer o ano pasado é diminuír os impostos ás grandes fortunas, 34 millóns de euros, e aínda por riba querer reclamarlle ao goberno central o que xa recadara, outros 10 millóns de euros. Estamos falando de cartos que sirven directamente para estas cousas. Para o benestar da xente.

Non podo estar máis a favor e por suposto suscribo todos os puntos, e non os vou reproducir neste caso, da plataforma SOS Sanidade pública, e manifestarvos que ese día estarei alí. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: nos din que non se oíe, que o de Sogama non se escoitou nada. Aviso porque despois para facer a actaNada, aviso para que o saibades.

Agradezo a plataforma SOS Sanidade pública que esteades aquí e por achegar a vosa moción. Despois ao final falará unha representante da plataforma que seguro que o vai a facer moito mellor que calquera de nós que estamos aquí abaixo, así que vou a ser breve. Sí dicir que a situación do novo centro de saúde de Narón é insostible porque ten fallos estruturais e no propio edificio dende o momento xa da súa inauguración e porque falta persoal, faltan médicos, falta persoal enfermeiro e sobre todo, falta persoal administrativo. Algo que leva dito o Bloque Nacionalista Galego dende hai anos, hai 3 anos foi a primeira que atopei cando estabamos a reivindicar e xa o fixemos aquí en Pleno e estamos vendo a situación, pero é que non é normal esperar ata 3 semanas para ir ao médico, médico de cabeceira e esto é porque temos unha xestión da Xunta de Galicia nefasta porque nestes 15 anos houbo un recorte de 2.300 millóns de euros en Sanidade. Germán, o sinto moito, non che gusta que repita estas cousas pero é que é verdade; 2.300 millóns de euros menos para a Sanidade pública dende hai 15 anos que está o Partido Popular exercendo unha competencia que lle é propia a Xunta de Galicia. Todo hai que decilo porque logo tamén botan bolóns fóra e se lle intenta culpar ao Estado. E veñen aquí con emendas que houbo tamén, que pouco sentido lle atopo porque temos que falar da situación na que nos atopamos que agora por certo, un estudio ven a dicir que a principios desta semana a Sanidade, a atención primaria máis colapsada de todo o estado español. Eu ata pensei que ao mellor era Madrid e é a galega. A atención primaria máis colapsada de todo o estado español é a atención primaria de Galicia. E por eso tamén hai que mobilizarse, hai que mobilizarse pola situación na que están as urxencias, as especialidades, os servizos primarios, aínda agora viredes con moitos datos pero e que nós non somos parvos e parvas, estase privatizando un servizo que é de todos e todas, para o servizo dos amiguetes neste caso, do Partido Popular e repito que xa o dixen, sen cuidados non hai vida e non nola podedes quitar, e por eso son tan importantes estas eleccións por certo, en época de entroido e por eso imos facer que as vosas mentiras non se volvan a escoitar.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que esta moción que traen hoxe aquí a este pleno pouco ten que ver coa que se levou a comisión informativa, no.

Unha vez máis ven acreditar a falta de interese polo centro de Saúde de Narón. Vexo que non se está falando nada do centro de saúde de Narón.

Sorpréndeme totalmente que non se admita a emenda de adición cando o punto 1 é clave dos problemas de Sanidade en toda España.

É triste que diga que Galicia é onde peor se está tratando a Sanidade pública. Non é certo.

Mire a lista de espera, compróbea con outras comunidades autónomas. Incluso co País Vasco. Si, si. Esa é a realidade. E o punto 1, decía *“acordar o seu apoio ás medidas incluídas no Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria” apoiado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria”*.

Esto tenno que aprobar o goberno de España. Que estaba acordado no ano 2018, xusto 2 meses antes da moción de censura. Veu a moción de censura, entrou o Sr.Pedro Sánchez e se olvidaron. Así estamos. E aquí non é só que o faga Galicia. Fanno varias comunidades autónomas. O País Vasco, Extremadura, Castilla-La Mancha, que non goberna ningún deles o Partido Popular.

O que pasa é que queremos enganar á cidadanía. É a realidade.

Ademais mira, nestes últimos 15 días o meu compañeiro Gonzalo máis eu, fumos ao centro de saúde, temas administrativos. O primeiro día, 5 minutos tivemos que esperar.

O segundo día non chegamos a 5 minutos.

Nos últimos 15 días, máis de 2 días fumos. Tería sorte, pois ao mellor sí, pero é a realidade.

Mire e seguindo co tema este, que a verdade que nos sorprende que non nos admitiran esta emenda porque é certo que vostedes queren facer política porque temos aí o 18 de febreiro, non teñen interese en solventar os problemas que ten o centro de saúde de Narón, nin a asistencia primaria de Sanidade. Non teñen eses intereses. Todos sabemos a situación que atravesamos a atención primaria, está difícil en toda España. Non é só en Galicia, en toda España.

E como dixen no ano 2018 o Sr.Sánchez ovidouse de todos os acordos que había anteriores da Sanidade.

Tivo que ir no ano 2022, o Ministerio presentou ó Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado *“Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035”*, no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas no Sistema Nacional de Saúde. Por que? Pola cantidade de persoas que se tiñan que xubilar. E que non se poden formar MIRs. Nós temos un médico aquí no Pleno, que o sabe perfectamente, que o goberno de España non autoriza nos centros de saúde que haiba menos de 4 médicos, que haiba MIRs formándose. E se lle pediu que modificara eso e non o fixo.

E quen o ten que facer é o goberno de España. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego que é quen o está apoiando. Esa é a realidade do que está pasando na Sanidade. E agora veñen e non nos admiten a emenda que metemos nós para solucionar e solventar ese problema.

Que hai máis puntos tamén. Tamén pedimos algo máis, en beneficio dos sanitarios que están no Concello de Narón. No centro de saúde, esa é a realidade.

Referente a Galicia, sobre o tema dos MIR, dicir que Galicia cubreu as prazas ao 100%.

E tamén hai outro dito que di, que a xente que se forma que se marcha. E non é verdade. O 90% quedan en Galicia e se non hai máis é porque non hai capacidade para formalos como MIR e que estean na asistencia en primaria. Eso é o que está pasando.

E de verdade que é sorprendente, que unha moción que traíamos aquí para solventar un problema de Narón, o traslademos a outro nivel e nos encarguemos de contar cousas que non son a verdade, que non son a realidade. Porque temos outras comunidades autónomas que están moito peor que Galicia e aí se ven nos datos que sae a estatística. E que hai que mellorar a sanidade pública? Si, estamos de acordo. Por eso nós presentamos esa emenda para que se mellorara en Narón e tamén



de paso no resto do país, porque creo que a todos nos beneficia que mellore porque eu se vou a outra comunidade autónoma e teño un problema, tamén quero que me atendan ben.

Por eso pedimos esto e creo que esa é a realidade. Outra cousa é o que se queira facer e vender aquí.

De momento nada máis.

-Sr.Ramos Rodríguez: bueno, facer unha pequena aclaración co tema dos MIR. O ano pasado no MIR Galicia quedaron 30 prazas de primaria sen que ninguén as collera. E sabedes por que? Porque non é atractivo traballar en Galicia. Non é atractivo. A xente non quere traballar aquí porque é unha locura, é dicir, é preferible coller o servicio de urxencias de calquera hospital onde traballar un día e descansas tres. E cobras o mesmo que aquí vendo 40,50 ou 60 pacientes todos os días. Sobre pasado de traballo, sobre pasado de todo. Así está a xente de que calquera día se poñen a metade deles de baixa. Pero non por baixa por dano físico senón baixa por dano mental. Créase unha ansiedad que é insoportable. A min menos mal, que me queda pouco (risas). Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: imos a coincidir outra vez Ramos. Precisamente cando estaba escoitando a Germán estaba buscando ese dato da cobertura dos MIR ao 100%. Pois mira precisamente é o que acabas de dicir. Nótase que tiñas preparada ben a moción. Exactamente mira, Galicia “foi a segunda comunidade autónoma con Castilla-Leon (con Vox) con ter o maior número de prazas libres na especialidade de medicina familiar e comunitaria. En concreto 33.

Entonces decirlle ao Partido Popular que no, que non é así, que coincidimos aquí as forzas, non é que queiramos facer populismo que estamos en campaña. Vemos a realidade, é algo notorio que a Sanidade en Galicia non vai ben e non se está apostando por ela e o que hai que dotar é de recursos. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben Germán, eu prefiro que nos atendan ben en Galicia ... falabas de que isto non era o peor sitio e tal pero non é que o digamos nos, o dí o servicio de atención ao paciente, que estaba lendo agora cando o dixeches “Galicia ten a atención primaria máis saturada de España, a situación é vergonzosa”.

E Faro de Vigo: “los pacientes sitúan al centro de salud gallegos entre los más saturados”.

La Opinión da Coruña: “los pacientes sitúan a los centros de salud gallegos entre los más saturados....

Podemos dicir o mesmo en Efe, etc.etc. en todos os medios de comunicación se fixeron eco deste informe onde sitúan a Galicia, xunto con Andalucía, por certo, comunidade autónoma do Partido Popular, como a atención primaria máis afectada. E é unha competencia da Xunta de Galicia e é unha realidade que houbo recortes en todo este tempo e é verdade que hai unha plataforma que é Sanidade pública, que convocou unha mobilización nacional que vai saír de Santiago de Compostela de apoio e cuidado antes de ter convocadas as eleccións da Xunta de Galicia. Porque dis que temos interese porque hai agora unhas eleccións que por certo, adiantou casi medio ano o Partido Popular. Non sei que medo tedes pero resulta que a plataforma SOS Sanidade Pública xa convocara con anterioridade porque a sanidade pública en Galicia está casi en coma. É indigno que se nos intente enganar e é indigno que se nos diga que aquí trae cousas nunha emenda sobre Narón cando se fala dunhas prazas de aparcamento que agora hai un novo aparcadoiro onde están sobrando sitios, onde todo o mundo pode aparcarse e intentar enganarnos con cousas que non veñen ao caso.

O que temos é que poñernos todos e todas a traballar para que un servicio e un dereito que temos todas as persoas sexa garantido. A día de hoxe en Galicia non está garantido.

E aí están tamén as denuncias de persoas que faleceron esperando unha..... bueno, non quero falar. Xa falarán os da plataforma, pero eso, non nos fagamos trampas ao solitario porque non é necesario. Todos e todas sabemos porque acudimos á sanidade pública, como está e como están os traballadores e como están as persoas que precisamos deles.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, o que é obvio que tanto o partido socialista como o BNG, neste caso, co apoio de TEGA, no, que queren obviar a responsabilidade que ten o goberno de España no eido das competencias en Sanidade. Esa é a realidade. E que se lle pide todo esto. E ademais o tema está claro, en tanto na convocatoria de MIR para o 2023 presentáronse 12.251 admitidos polo Ministerio dunha convocatoria de 8.503 prazas de médico. O Ministerio eh? E quedaron 4.000 prazas libres. 4.000 médicos titulados sin praza. Porque non sacaron as suficientes. Eso é o que non sacaron o goberno de España. Eso é o que estes señores queren decir que a culpa é da Xunta. A Xunta cumpriu todas as prazas que podía... e non son suficientes? Estou de acordo que non son suficientes. Pero o que non podemos aquí é chegar, enganar á xente decindo o contrario. Porque a realidade é moi distinta. E ademais que está facendo a Xunta para solventar un pouco estas competencias que ten o goberno de España? Pois Galicia ofertou na convocatoria deste ano, 207 prazas formativas especialistas medicina de familia e comunitaria, 65 máis que hai 2 anos. Isto representa un incremento de máis do 45% . Todo o que lle permite a marxe que ten para actuar. Nos centros de saúde. Hai máis de 400 centros de saúde e hai 100 sós que se pode facer esa actitude, ou é que vostedes prefiren que os centros de saúde que están máis no rural con 1 médico, con 2 médicos pechen tamén e os acumulen para poder formar máis MIR. Que buscan vostedes eso? Creo que esa non é a realidade. Creo que dende o goberno de España o teñen que solventar. Para que se poidan formar MIRs para atención primaria. Agora se vostedes non queren ver o que está ocorrendo porque hai outros intereses, oie, mal nos vai ir porque esa é a pura realidade.

E despois sobre as prazas de Narón que creo que é o que interesa de verdade hoxe aquí, no. Todo é interesante pero ao que viña esta moción é solventar a problemática que ten Narón na atención primaria. E hai unha oferta pública de emprego de 423 prazas por concurso de méritos, que xa está publicada no Diario oficial de Galicia, 4 prazas de facultativos especialistas en atención primaria serán para Narón. Catro. Prazas que veñen de ser adxudicadas o 17 de xaneiro do 2024. Primeira rolda, tal e como se recolleu na páxina web do Sergas. Que o podedes comprobar. E ademais isto é curioso, estas prazas vanse cubrir a pesar do voto en contra no Parlamento de Galicia do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. A pesar deso, o que pasa que claro, as eleccións debéronlle vir moi pronto ao BNG entonces pois, non debe estar moi conforme con eso. Dende logo considero que este asunto tan importante para os cidadáns debíase tratar con outro rigor e con outra seriedade. Creo que debería ser así. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, que se poñía en dúbida o que estabamos a falar aquí se unha moción, se non aceptamos esa emenda. Por aclarar eh, punto número 1: *“instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a que reforce con carácter de urxencia o cadro de persoal do Centro de Saúde de Narón, tanto de facultativos médicos e de enfermería, como de persoal dos servizos administrativos”*.

Estamos a falar do centro de saúde de Narón. É dicir, os intereses que temos, crédeme, eh, neste caso o grupo maioritario deste Pleno, que non se presenta as eleccións e o único que queremos é que funcione ben o centro de saúde e sí que é verdade que eses datos que nos facilitaron dende a Área Sanitaria pode ser que melloren pero a realidade e o que decíades, o que queremos é , non tempos de espera, non se teña que atender a unha persoa, non só que a atenda o PGG , que lle dé a cita, que eso dentro do malo é un mal menor; é dicir, que non tarden en atenderte 15 días e que ao final teñan que subir a saturar, neste caso, ao Arquitecto Marcide con esas urxencias.

A realidade é esa e os datos están aí. Se entrades nese centro de saúde sabedes exactamente como está a situación. E realmente o problema non é tanto e que sí que se lle puxo, me consta, esa solución que polo menos, se tivo en conta eses 45 minutos de espera, non estamos a falar deso, ese



é un mal menor. Eu o que quero é que ningún cidadá de Narón teña que esperar 15 ou 20 días para ser atendido nun centro de saúde de atención primaria.

Nada máis, e para centrar porque realmente parecía que a moción que imos aprobar aquí era doutro, ... non sei, doutro estado ou algo así, estamos falando do centro de saúde de Narón e os seguintes puntos que non vou a ler tampouco, seguen a falar do mesmo.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

7 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA POÑER NARÓN EN VALOR A TRAVÉS DOS SEUS CAMIÑOS.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: “**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, quen abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN:**

POÑER NARÓN EN VALOR A TRAVÉS DOS SEUS CAMIÑOS

Os camiños de peregrinación, as rutas turísticas e os itinerarios culturais son potenciais xeradores de valores tanto culturais como económicos e sociais das distintas zonas por onde transcorren, o que se traduce nun importante beneficio para os territorios nos que existen, posto que son unha fonte de activación de recursos para a poboación que habita nos devanditos lugares.

Narón debe de aproveitar esas oportunidades a través dos distintos camiños e rutas.

O Camiño Inglés corresponde ao roteiro de peregrinación utilizada na Idade Media por devotos ingleses, irlandeses e doutros países do norte de Europa, que chegaban en barco ao porto da Coruña e, en menor medida, a outros situados nas rías de Ferrol, Ares e Betanzos. Hoxe, tras a recuperación deste camiño, dispoñemos de dous puntos posibles de partida: dende Ferrol ou dende A Coruña (ramal coñecido tamén como Camiño do Faro), aínda que tamén moitos aproveitan para realizar ambos trazados. Trátase dun itinerario agradable e ben sinalizado, que cada vez está máis concorrido, sobre todo naqueles tramos que discorren polo noso Concello (que non só empregan peregrinos, senón tamén veciños como zonas de ocio). Lamentablemente estes, na actualidade, constitúen zonas pouco coidadas e, polo tanto, nada atractivas e non xeran un valor de interese patrimonial agás O MOSTEIRO DO COUTO e o MUIÑO DAS ACEAS. Este último atópase en estado de total abandono e, polo tanto “ruinoso”, dando lugar a que os peregrinos eviten ese treito e continúen por detrás da fábrica de Megasa ata chegar a Xuvia.

Por iso sería de vital importancia turística e patrimonial para o Concello de Narón que fose marcado como “roteiro preferente” o paso polo Muiño das Aceas, é dicir, logo de ter pasado o citado muiño deberíase continuar polo camiño do muiño ata chegar á Estrada de Castela ou, como segunda opción, continuar por San Xurxo ata o camiño do Peregrino, cruzando este seguindo por San Nicolas ata chegar á Estrada de Castela e, unha vez alí, seguir por ela ata a ponte de Xuvia, onde se enlazaría co trazado actual.

Con esta nova proposta para o trazado do Camiño inglés a Santiago conseguiríase que os peregrinos levasen un mellor coñecemento de Narón, dando opcións ao comercio, á hostalería, á restauración e aos hoteis para que tivesen máis oportunidades de ofrecer os seus produtos e os seus servizos aos peregrinos que transiten por Narón e que estes leven un bo recordo do seu paso polo noso concello. Nestes momentos de incertezas na economía e moito máis no comercio local de proximidade, é preciso promover novas iniciativas con formulas de impulso que permitan dinamizar o comercio local.

Así mesmo, adicionalmente a este cambio do trazado do camiño, sería imprescindible acompañar a esta iniciativa co traslado da oficina de turismo para a zona do Ponto, co obxectivo de proporcionar a información necesaria aos peregrinos porque a súa localización actual na rotonda de Freixeiro, non é a máis idónea: os accesos no son os máis adecuados nin ten un aparcamento próximo para achegarse a ela con facilidade como tamén carece dalgún atractivo Turístico, Cultural ou Comercial. Vostedes mesmos poden comprobalo polas visitas que ten anualmente.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Que, por parte do goberno municipal se inicien os trámites necesarios para modificar o trazado do Camiño inglés de Santiago ao seu paso por Narón, en especial dende o paso polo Mosteiro do Couto, nos termos sinalados na presente Moción.

2.- Instar ao goberno local a que se inicien os trámites necesarios para trasladar a oficina de turismo para a zona do Ponto, co obxectivo de proporcionar a información necesaria aos peregrinos e visitantes en mellores condicións, tal e como se indica no corpo deste escrito.

E visto o ditame favorable, por maioría cos votos a favor de PP (1); BNG (1) e PSdeG-PSOE (1) e 2 abstencións de TEGA, da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, o noso grupo presentou esta moción para poñer Narón en valor, a través dos seus camiños.

Os camiños de peregrinación, as rutas turísticas e os itinerarios culturais son potenciais xeradores de valores tanto culturais como económicos e sociais das distintas zonas por onde transcorren, o que se traduce nun importante beneficio para os territorios nos que existen, posto que son unha fonte de activación de recursos para a poboación que habita nos devanditos lugares.

Narón debe de aproveitar esas oportunidades a través dos distintos camiños e rutas.

O Camiño Inglés, ano tras ano segue batendo record de peregrinos que fan esta ruta, no 2023 certificáronse a cantidade de 22.951 peregrinos.

Consideramos que estas cifras deberían de facer pensar a esta corporación a necesidade de actuar no entorno, sobre todo naqueles tramos que discorren polo noso Concello (que non só empregan peregrinos, senón tamén veciños como zonas de ocio). Lamentablemente estes, na actualidade, constitúen zonas pouco coidadas e, polo tanto, nada atractivas e non xeran un valor de interese patrimonial agás O MOSTEIRO DO COUTO e o MUIÑO DAS ACEAS. Este último atópase en estado de total abandono e, polo tanto “ruinoso”, dando lugar a que os peregrinos eviten ese treito. Por esta cuestión queremos promover o cambio do trazado, sería de vital importancia turística e patrimonial que fose marcado como “Roteiro preferente” o paso polo Muíño das Aceas, é dicir, logo de ter pasado o citado muíño deberíase continuar polo camiño do muíño ata chegar á Estrada de Castela ou, como segunda opción, continuar por San Xurxo ata o camiño do Peregrino, cruzando este seguindo por San Nicolás ata chegar á Estrada de Castela e, unha vez alí, seguir por ela ata a ponte de Xuvia, onde se enlazaría co trazado actual.

Con esta nova proposta para o trazado do Camiño inglés a Santiago conseguiríase que os peregrinos levasen un mellor coñecemento de Narón, dando opcións ao comercio, á hostalería, á restauración e aos hoteis para que tivesen máis oportunidades de ofrecer os seus produtos e os seus servizos aos peregrinos que transiten por Narón e que estes leven un bo recordo do seu paso polo noso concello. Nestes momentos de incertezas na economía e moito máis no comercio local de proximidade, é preciso promover novas iniciativas con fórmulas de impulso que permitan dinamizar o comercio local.



Ademais, adicionalmente a este cambio do trazado do camiño, sería imprescindible acompañar a esta iniciativa co traslado da oficina de turismo para a zona do Ponto, co obxectivo de proporcionar a información necesaria aos peregrinos porque a súa localización actual na rotonda de Freixeiro, non é a máis idónea: os accesos non son os máis adecuados nin ten un aparcamento próximo para achegarse a ela con facilidade como tamén carece dalgún atractivo turístico, cultural ou comercial. Vostedes mesmos poden comprobalo polas visitas que ten anualmente.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos acordos aos que deu lectura o Sr.Secretario.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno trasladar que a moción que presenta o Partido Popular é unha moción que o Partido Socialista levamos no programa electoral para estas eleccións municipais e polo tanto, ímola apoiar.

Certo é que o que se propón no Partido Popular ten o seu seu sentido no sentido de, se temos a nosa maior afluencia ocupacional, neste caso, de turistas que chegan ao noso concello e a través do camiño inglés, o lóxico sería que a oficina de turismo, o punto de información, estivera alí. Non tanto, isto é así, que teríamos que estudar se corresponde ou non corresponde, se crear 2 puntos de atención ou con 2 puntos de atención, ou trasladar a oficina para alí, ou manter 2 puntos de atención vendo como é a ocupación de persoal ou o tema dos contratos laborais ao fin de dar cobertura naquel punto tamén.

No que sí estamos de acordo é en que volva o trazado neste caso, do camiño inglés, ao trazado entendemos nós, que é o orixinal. Entendemos que é así porque agora mesmo tanscorre polo que é o ensanche de Megasa.

Tradicionalmente ese ensanche non existía, por lóxica, entendemos que ten que ir pola Estrada de Castela. E a maiores entendemos que ten que ir aí polo retorno económico digamos dese cambio. Vainos traer un retorno económico porque toda vez que vaia a atravesar, neste caso, a Estrada de Castela, os peregrinos van aproveitar para entrar en comercios, para mercar roupa, tomar aperitivos, fomentar incluso o tema da hostalaría, incluso permitindo que quede unha marxe e que poidan coñecer digamos, todo o noso concello. Incluso unha moción que levamos a este pleno da casa San Román, que confiamos que saia adiante, incluso que sexa rehabilitada polo concello e que sexa un atractivo máis para todos eses peregrinos, para que coñezan Narón.

Tamén poñer en valor os muíños que temos e tantas e tantas cousas que temos no noso concello que son dignas de coñecer e que supoño que a alcaldesa tería a oportunidade esta semana de trasladar.

Polo tanto, insistimos dende o Partido Socialista, apoiamos a presente moción nos seus 2 puntos, se ben no segundo punto igual teríamos que mirar se con un segundo punto de atención na zona do Ponto sería suficiente ou teríamos que trasladar o primeiro. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: pensamos que é importante e parécenos interesante esta moción porque é importante poñer en valor, tamén temos que decilo, o barrio de Xuvia porque Narón, a súa historia non se entendería se non falamos de Xuvia. Falabase do mosteiro do couto e de Xuvia, poderíamos ir moito máis alá pero que abrangue realmente o camiño inglés ao noso paso polo noso concello e é importante que esa ruta se faga pola estrada de Castela, porque por unha banda xa tamén se dixo por aquí, sería unha maneira de apoiar o comercio local, tanto a hostalaría como todo tipo de servicios, dende mercerías para poder proporcionar calcetíns aos peregrinos ata outro tipo de prendas, como alí hai de todo, pois estaríamos promovendo ademais o barrio histórico .. non só o concello, porque tamén é unha maneira de salvagardar o patrimonio que agora se está caendo, esixir que se cumpran uns mínimos e é verdade que esto ten que decidir a Xunta de Galicia, pero

tamén é verdade que é o concello o que pode facer de forma que se cre realmente necesario para que se teña en conta, e en conta está a nosa historia que vai dende emprendedores que fixeron esa zona unha parte moi importante, está a fábrica de textil, está o muíño de Xuvia.

Podíamos falar de moitas outras cousas, incluso podemos falar da revolta popular de marzo de 1918 onde o pobo se levantou contra os acaparadores e acaparadoras en Xuvia e logo se estendeu a toda a comarca e temos moitos que contar, hai 2 libros, no, que hai pouco todos os grupos políticos de Narón foron ás inauguracións e ás presentacións deses libros de imaxes sobre a historia de Xuvia e tamén do conxunto de Narón e cremos que é importante que se faga un esforzo para que o camiño inglés pase polo que é máis que lóxico o seu trazado máis similar o orixinal, porque todos temos claro que onde agora hai un recheo e un paseo por alí non pasan os peregrinos, unicamente que houbera alí unha barca e podamos montar aquí unha sobre o camiño inglés que creo que non existe. Entonces bueno, parécenos importante igual que nos parece importante que alí exista un posto de información e mentres o muíño de Xuvia esté pechado esa zona segue haber información e temos claro que a xente para coñecer Narón, ou para ceder unha oficina de información turística vaino facer andando, non en coche. A día de hoxe está nunha zona que é unha entrada importante de Narón pero en coche e para outro tipo de servicios, e nós o que queremos e que tamén a xente cando saia fóra fale do noso concello.

E repito creo que é importante porque creo que si deberíamos de ir de maneira unánime neste concello para que ese barrio histórico, unha parte importante de Narón, vaia a máis e se promova a través do camiño inglés.

-Sra.Hermida Rico: ben, boas tardes a todos e a todas. Eu a verdade que boto de menos na moción do Partido Popular no primeiro punto: “ Que se inicien os trámites necesarios para modificar o trazado do Camiño inglés”. Boto de menos que se inste á Xunta, porque realmente estamos vendo que todo o que sexa instar á Xunta por parte do Partido Popular de Narón dalle como certo repelús e claro, como decía Olaia neste caso, o trazado, os camiños a Santiago, os marca a Xunta de Galicia. De feito no seu momento, cando se marcou o trazado de Narón, do camiño inglés, ao seu paso por Narón, o concello fixo alegacións porque só marcaban o que eles denominan como camiño principal, que é a bifurcación que vai directamente pola dereita ao paseo marítimo de Xuvia, a pesar de que non é accesible e o concello alegou para que tendo en conta o valor patrimonial histórico alegou para que se modificara, para que fóra como camiño principal o camiño que pasa polo muíño das Aceas.

Esto foi considerado en parte pola Xunta, non na súa totalidade porque o que fixeron foi establecer como complementario ese camiño que pasa polo muíño. Polo tanto, en todo caso, iniciar un expediente pero a quen lle corresponde é a Xunta de Galicia, modificar ese trazado.

Nós podemos entender neste primeiro punto, podemos entender que comercialmente incluso lle dá moita vida, no, a unha parte da cidade, no, para os peregrinos pasar por un tramo urbano. É verdade que non é a filosofía dos camiños, ou sexa a filosofía dos camiños é evitar na medida do posible sempre que exista alternativa o asfalto, no. Se ben é certo que comercialmente digamos que pode beneficiar á hostalaría basicamente, e hai que decilo todo tamén porque a afección que pode ter pola Lei de Patrimonio, pola Lei de Protección dos camiños de Santiago pode ser moi importante para as vivendas, para os solares, para fincas, edificios, pode ser moi importante porque hai unha afectación dende a parte central da Estrada de Castela cada lado de 30 m., eso que implica? Implica que calquera modificación que se poida facer, reparación, amaño que afecte a unha envolvente dun edificio mismamente teñen que solicitar previamente informe a Patrimonio e adaptarse ás esixencias que teña patrimonio nese momento. Polo tanto, é importante valoralo todo porque eso podería supoñer unha afección importante para os veciños e veciñas de Naron esa zona, dende o tramo da rotonda de Megasa ata a Ponte de Xuvia.

Por outro lado, o segundo punto, de modificar a oficina de turismo, non se pode confundir unha oficina de turismo cun punto de información aos peregrinos. Este ano se vai abrir o centro de interpretación do muíño de Xuvia. É unha oportunidade porque alí imos aproveitar para que sexa un punto de información turística dos recursos en Narón. Ao mesmo tempo que se van a vender as



credenciais, e selar as credenciais, no. Polo tanto, é unha oportunidade para aproveitar esas sinerxias e ter alí xa un punto de información.

Agora ben, os peregrinos xeralmente veñen moi informados, hoxe teñen moitos recursos, veñen con guías os que veñen de fóra, teñen moita información a través de blogs, veñen moi informados. E veñen nun tempo record, veñen a facer este camiño precisamente porque son 4-5 días. Polo tanto, non é un perfil de turista que de repente se atope facendo o camiño e vaia ver un recurso distante do concello de Narón. Non é eso. Van facer o camiño e sí poden ver un recurso turístico como neste caso, o centro de interpretación do muíño de Xuvia pero non van desprazarse a Pena Molexa porque están a facer o camiño. Entonces non se poden confundir.

Por outro lado, a oficina de turismo é unha competencia da Alcaldía ou ao final, bueno, non é unha competencia deste pleno o traslado ou non, da oficina de turismo. Entendo que é unha petición bueno, como outra máis que lle fan vostedes ao goberno municipal.

Por outro lado, o que me chama a atención moito do portavoz do Partido Popular é que na súa moción fai referencia a que a localización actual na rotonda de Freixeiro da oficina de turismo pois que non ten aparcadoiro próximo, incluso di que carece de atractivo turístico, cultural ou comercial. Carai, pois para ser vostede da parroquia de Freixeiro e vivir en Freixeiro moito para a casa non tira.

A min o que me gustaría e que botaría de menos neste caso, é presentar algunha moción e que sumara para Freixeiro e por ende, para Narón. Unha moción que sumara non que restara porque aí temos a Estrada de Cedeira porque leva 40 anos igual, 40 anos. Oiga, presente vostede unha moción para que a Xunta de Galicia esa que lle dá tanto repelus instar..., actúe na Estrada de Cedeira, nos conformamos con que apoie as que presentamos nós que nunca apoia. Eso é sumar. Agora dicir que Freixeiro non ten un valor comercial nin turístico...a ver, Narón non é Santiago de Compostela evidentemente, é un concello que ten uns recursos turísticos que están dispersos. Non ten un casco histórico turístico. Polo tanto non vai haber unha oficina de turismo en cada recurso turístico. E unha oficina de turismo ten que estar nun sitio céntrico, visible, accesible, con aparcadoiro como é neste caso a rotonda de Freixeiro. Ademais non só dá información do Concello de Narón, senón dos recursos de Ferrolterra, Rías Altas, como o resto de oficinas de turismo da comarca. Polo tanto, ten que estar nun sitio céntrico. E agora que temos a oportunidade, que vamos a ter ese punto de información no muíño de Xuvia, bueno, pois conseguimos ter 2 puntos de información distantes, aproximadamente a 3 kilómetros cada un, e creo que deste xeito pois se dá unha maior cobertura que ademais por outro lado, unha oficina de turismo necesita non só un sitio técnico, senón un sitio de moito paso de xente porque dá servizo tamén a moita xente de Narón, a poboación de Narón, e veciños e veciñas bueno, que se veñen a interesarse por diferentes actividades ou por diferentes recursos, no.

Non só se pode entender unha oficina de turismo pensando nos peregrinos. Os peregrinos hoxe veñen moi informados, veñen nun tempo record e sí poden quedarse nunha pensión, nun hotel, poden facer unha consumición, pero nin van a comprarse 40 mil recordos para ir cargando na mochila de aquí a Santiago, e vai a ser cousas moi puntuais, e aproveito para comentar tamén, que nesa bifurcación hai un panel que indica moi ben, moi ben, cun zoom moi claro, que en paralelo ao trazado do camiño que hai está a Estrada de Castela onde teñen unha área de servizo, unha zona de servizos, está sinalizado pois que hai hostelería, que hai farmacias, que hai diferentes recursos e que ademais non se perde porque finaliza no mesmo punto onde chega o trazado do camiño, no. Polo tanto, nós tendo en conta estes dous puntos nos imos a abster porque consideramos que pode ser moi prexudicial levar, sobre todo para os propietarios e as vivendas, ese trazado pola Estrada de Castela e que non procede o cambio da oficina de turismo para a zona do Ponto.

-Sr.Castrillón Permuy: bueno nós consideramos que hai que facer un encaixe, a oficina de turismo agora mesmo é algo primordial nestes momentos. Eu creo que Narón non pode deixar que pasen 23.000 persoas anuais polo seu territorio sin intentar actuar para darlle información do territorio sobre os puntos de interese tanto turísticos, patrimoniais, naturais, comerciais ou industriais.

Con esta nova proposta conseguirase que os peregrinos se leven un mellor coñecemento de Narón dando opcións ao comercio, a hostalería, a restauración, hoteis, industria e ofrecer os seus produtos. Non podemos esquecer que Galicia é unha das comunidades autónomas de España na que máis está crescendo a demanda turística. Polo tanto, creo que Narón nestes momentos non pode mirar para outro lado. Ten que buscar relación turismo coa industria que é unha realidade; non podemos pensar só en ser un concello industrial, eu creo que Narón ten moito que ofrecer e sempre que esa información chegue a persoas, esas persoas poderán transmitila e poderán animarse a volver de visita a Narón. Esa é a realidade. ´

Outra cousa é que vostede, Sra.concalleira, non queira velo e non lle guste que lle movamos as súas ideas. Pero Narón debe de ser un punto importante para ofrecer moitas cousas porque a comarca xa non só Narón, a comarca ten moito que ofrecer. Podemos falar de espazos naturais, podemos falar de praias, de montaña, de ría, de industria, gastronomía, cantidade de alternativas que son atractivas e que motivarían que a xente viñera a Narón, estivera en Narón, estivera no entorno da nosa comarca.

E despois non só eso, se a oficina de turismo está na zona do camiño, sería un punto para selar a credencial que automáticamente, o 99% dos peregrinos pararían aí. E levarían información. Outra cousa é que vostede non se queira implicar neste tema. Esa é outra realidade. Que vostede non se queira implicar é distinto. Eso ao mellor é preocupante. Pero creo que a verdade co que está sucedendo e co que está pasando no tema industria na comarca, creo que é importante que busquemos alternativas e que sexamos un concello atractivo para que a xente que pase por Narón coñeza mellor o noso concello e teña interese en volver ou en quedarse en Narón.

Paréceme moi ben o do muíño de Xuvia, parécenos ben pero tamén, está tardando en poñerse en funcionamento, sí. Está tardando.

E sobre o que me di que a Xunta é quen delimita os camiños sí que é quen delimita os camiños pero sí que o concello ten moito que decir neste tema. Moito que decir. Hai que facer uns informes, hai que presentalos, e hai que facer unha instancia para solicitar o cambio de camiño e argumentar por que queremos que o camiño veña por onde ven.

Porque me dirá vostede a min que agora por onde vai o camiño, polo paseo foi algunha vez camiño real ou camiño histórico? Eso xa é algo importante cara a Patrimonio. E cara a xerencia dos camiños. Ese é o tema. Despois o que quere falar como asustar que hai que pedir permiso a Patrimonio, que hai 30 metros de afección. Si, agora tamén os hai porque a Estrada de Castela pertence á Xunta, non pertence ao concello. Tamén o ten que pedir. E o río que pasa por alí ten que pedir a 100 metros, non a 30 metros. E sabe que outra vantaxe tería? Que posiblemente non nos pasara o que nos vai pasar cando debatamos a moción da Casa San Román, que se tivera no camiño posiblemente tivera que tela rehabilitada e non se podería deixar quedar en ruínas como está quedando, e outros edificios. E outros edificios.

O camiño ten moitas vantaxes, ten algúns perxuízos, pequenos, é dicir, que os señores non poden pintar unha casa do color que lles apeteza, claro que no, hai uns cores que teñen que pintar con eses cores. E quen di eso, pois ao mellor outros temas da fachada pero ao final eso é ventaxoso para o concello en si, é ventaxoso porque o Patrimonio tamén é importante conservalo. Porque ao final nos vemos en moitas complicacións, en moitos líos cando temos unha casa que está en ruínas e o veciño ten problemas, e o concello ten que abrir un expediente e non quere abrir o expediente porque molesta ao veciño. Se tiveramos un seguimento de todo esto non chegaríamos a esas conclusións, nesas problemáticas.

Polo tanto, consideramos que ademais hai outro punto importante en todo esto: a min se me dixera que vostede na oficina de Freixeiro ten 2.000 visitas pois ao mellor aínda tiñamos algunha dúbida pero as cifras que nos pasan de visitas non nos entra ningunha dúbida. E agora dígame en Freixeiro, onde aparcamos? Na rotonda? Porque calquera que chegue de fóra non sabe onde hai

porque non hai sinalizado ningún aparcamento. Entonces terá que sinalizalo porque de momento non hai ningún sinalizado para que poidan ir a aparcar.

Entonces, oie, e ademais hai outra cousa que lle vou a decir, mire, por exemplo agora no “navitren”. É unha pena que a oficina de turismo non sirva de base para que os rapaces poidan parar e subir alí dende esa oficina. Este ano tiveron que estar alí na parada de autobús e os demais anos tiveron que contratar unha caseta para poñer aí. Vostede non cree que ao final tería que facer un servizo máis do que está facendo? Non cré que a ten que poñer nun sitio onde dé de verdade servizo aos cidadás? Aos que veñen de fóra e aos que están en Narón e aos que utilizan en campaña en determinadas campañas, como pode ser en Navidad, como pode ser en Reis, e como pode ser noutras moitas máis, en promoción comercial. Para os comercios de Narón, en promoción turística. En promoción de espazos naturais, que se os conservan teñen bos espazos naturais en Narón.

E dende a oficina de turismo se pode facer pero ten que ser unha oficina donde a visite xente, non unha oficina onde a visiten pois 300 persoas. Eso non é suficiente Sra.concelleira, ten que estar comigo. Porque esa é a realidade. Outra cousa é que vostede non queira darlle unha volta e traballar porque esto vaille xerar horas de traballo. Sabémolo pero creo que vostede está aquí para eso, no. Vostede se presentou a unha lista electoral, saíu elixida para traballar por Narón e para darlle unha volta a un tema que todos vemos que non funciona. Esa é a realidade. Non lle gusta? Bueno, oie, pero eso é o que vemos nós dende fóra e de verdade que lle demos voltas a este tema eh, e que creo que é o correcto.

Creo que deberían de recapacitar e votar a favor porque é polo ben de todos os naroneses e especialmente un beneficio a largo prazo para o concello.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Eu moi brevemente.

Temos que decir que o camiño inglés só pasaría por unha parte do núcleo urbano en Narón se modificamos o trazado. É importante, ou sexa, a todas luces os datos están aí. Por onde o camiño inglés atravesa deixa riqueza. Entonce non nos vai convencer nin vai asustar ao pobo de Narón decindo que esto o único que vai crear é perxuizos. Os efectos positivos son infinitamente superiores neste caso, a calquera perxuizo que poida acontecer.

Neste caso, apoiamos e cremos na presente moción e no único que ao mellor podemos ter algún tipo de discrepancia e ao mellor concordancia con vostedes é respecto a se temos que rescindir ou neste caso prescindir da oficina de turismo de Freixeiro ou crear un segundo punto de información, neste caso, no Ponto.

E o que temos claro sen ningún lugar a dúbida é que ten que haber un punto de atención da oficina de turismo dentro do camiño inglés. Moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: nós non somos un concello turístico, sabémolo. Narón non é un concello turístico e ten outros recursos pero si que ten patrimonio que o hai que poñer en valor e que é moi importante e que forma parte da historia desta comarca e unha parte moi importante na historia do Ferrol da Ilustración, no.

Tamén temos que falar de Narón e queremos que así se faga. E se hai poucos recursos hai que poñelos en valor. O que nos preocupa é que haiba 23.000 peregrinos e peregrinas que fagan o camiño inglés este ano e que a oficina de turismo en Freixeiro fóra visitada por 318 persoas. Gustaríanos ter o dato de esas 318, cantas son de Narón, porque pasaron 23.000 persoas por este concello e a oficina de turismo atendeu a 318 persoas máis outra xente que veu a pasar as vacacións na comarca, en Narón, ou etc.etc.

Pero sí que temos o dato das persoas que realizaron o camiño inglés e que pasan obrigatoriamente por Narón, 23.000; teño que repetilo e é verdade que hai guías pero tamén é certo que cando vas andando, se tes unha oficina de turismo ou cando imos viaxando achegaste e se tes pouco tempo máis e dicir, oie, que poido facer nun día. E nun día se nos pode explicar que mellor que nós mesmas explicar o que temos que poñer en valor e o patrimonio de Narón, e que mellor que esas 23.000 persoas que fan o camiño inglés saiban e vaian aos seus destinos onde eles viven e digan o que se pode ver e visitar en Narón, porque é a maneira de crear rede non só existe internet. As persoas imos utilizando as oficinas de turismo para coller información, sobre todo por iso, porque cada vez hai un turismo máis express e nas oficinas de turismo se explica eso, que mellor que nós mesmas para explicar o patrimonio que temos.

O que nos preocupa é que eu, que ademais vivo enfrente, que a xente pare en Neda ao mediodía e se quede a pasar a noite na zona que se ten habilitada nesa hospedaxe para peregrinos en Neda e só vaian a Neda. Nin sequera van ao muíño de Xuvia, por eso é importante que nese camiño se faga pero tamén é importante, o dixo ben aquí Natalia, ten que decidilo Alcaldía, é importante que nos impliquemos neso e eu creo que se deberá de facer porque tamén o dixeran e non creo que aquí queiramos ser como está acontecendo en Ferrol, con moitísimos edificios que son unha ruína e aquí se dixo por parte do grupo de goberno que non tiñamos unha zona histórica e sí que a temos, o que pasa que se está caendo. O que pasa é que tiramos un cuartel da Garda civil e non hai nada. Tiramos unha antiga casa que albergou o concello de Narón por un tempo, estaba danando a estrutura colindante dun edificio, claro que había que tirala pero que antes non se fixo nada porque temos un patrimonio nesa zona e que percorre a Estrada de Castela e non se fixo nada.

E a día de hoxe o que se di, o das fachadas xa está pasando en edificios que están no paseo e que teñen que mirar.... Os edificios do paseo estalles pasando eso, por certo, que se anegan cada vez que chove e tampouco pasa nada. Temos a responsabilidade de coidar ese patrimonio porque senón se cae e a responsabilidade é de todas e todos.

Levamos moitas décadas perdendo o tempo no cuidado do patrimonio. E eso ten consecuencias e no barrio de Xuvia moitas, e considerar que non temos unha zona histórica é algo que ao Bloque Nacionalista Galego nos preocupa moito porque non é certo que hai que protexela e entroutras cousas estaría o camiño de Santiago para eso. Para responsabilizarnos, non para que aquí cada quen faga o que queira e non pasa absolutamente nada. Se nos queremos responsabilizar temos que cuidar, por eso nos parece moi interesante poñer o camiño inglés polo trazado orixinal. Eso sí quédame claro que non hai interese por parte do goberno.

-Sra.Hermida Rico: a ver, creo que igual non me expliquei ben. Unha cousa é ter un casco histórico na cidade e outra cousa é ter un patrimonio histórico. O digo porque igual a Sra.Ledo confunde un pouco eses dous términos. Cando eu digo que non hai un casco histórico na cidade é que non hai un casco histórico central, senón que os recursos están dispersos e que hai patrimonio histórico. Por suposto que hai patrimonio histórico.

E que o concello de Narón non foi quen de cuidar o patrimonio histórico? Bueno , eso non é certo porque se leva moitos anos, sí que é verdade que este concello dedicou os primeiros esforzos en atención de polígonos industriais porque nos parecía moi importante e prioritario neste sentido, para poder atraer poboación, crear unha serie de servizos e que houbera oportunidades de emprego e si nestes últimos anos se está dedicando especial atención á recuperación do Patrimonio, á construción de sendas verdes como é a que vai dende Freixeiro ata Xuvia, a merca do muíño de Xuvia que levou varios anos xa a compra cos propietarios por diferentes motivos ata que bueno, podemos acceder tamén a estas subvencións importantes para a súa rehabilitación.

Por outro lado, a oficina de turismo de Narón é verdade que ten trescentas e pico.... E vai subindo cada ano. Pero son 3 meses e medio/ 4 meses de apertura, 4 meses de apertura. Si ben é certo que tamén inflúe moito que a Diputación quitara as axudas moi, moi, moi tarde. O ano pasado resolveron a finais de maio. O ideal sería abrir a oficina de turismo eses 4 meses collendo xuño, xullo, agosto e setembro. Canto máis retrase a Diputación máis retrasan os concellos a súa apertura porque está claro que si resolven a finais de maio a oficina de turismo non pode abrir o 1 de xuño,

polo tanto, se retrasan os meses importantes e abría moitas máis visitas no mes de xuño que no mes de outubro, por exemplo.

Entonces bueno, esperemos que este ano se poida resolver antes e tamén nos facilite poder abrir antes a oficina de turismo porque ten máis peso o mes de xuño que o mes de novembro.

E por outro lado, home, eu entendo que o Sr.Castrillón se sinta casi como dolido non, e casi vaia ao terreo persoal. Mire, eu levo 16 anos como concelleira, e traballei dende ben nova. Son traballadora .. outra cousa non terei, poderei mellorar pero queixarme polo traballo nunca. Agora o que non vou a facer é aceptar..... eu teño a miña visión, pode ser acertada ou non, pode ser mellorable ou non, pero o que teño claro é que a oficina de información turística se precisa en Freixeiro porque é un sitio céntrico, porque é un sitio visible, non diga que non ten aparcadoiro porque ten un aparcadoiro e máis agora co do centro de saúde, que está un pouquiño máis arriba, pero ten un aparcadoiro ben claro aí ao carón e é accesible nunha das saídas principais da autopista. Entonces por favor, e no centro da cidade.

Agora, que temos que aproveitar agora que temos o muíño de Xuvia e que temos que atraer para alí os peregrinos. E que a nosa intención é atraer para alí aos peregrinos tamén porque temos que aproveitar efectivamente, para que vaian visitar ese muíño, pero tamén ao mesmo tempo dar información en xeral, non só aos peregrinos, senón para a cidadanía en xeral. Polo tanto, non ten sentido ter unha oficina de turismo no Ponto e ter un punto de información dos recursos a menos de 1 kilómetro. O normal é que esteñan diferenciados.

E nada máis. Grazas. Eu teño unha visión creo que diferente neste sentido.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Vou ser breve. Un toque pequeno sobre Patrimonio. O Plan Xeral de Ordenación Municipal, tes un catálogo onde che recolle todos os edificios que están catalogados.

E do tema da oficina de turismo de Freixeiro, pois terás que sinalizar o aparcamento entonces, se o ten. Terás que sinalizalo. De momento non está sinalizado.

Creo que non podemos perder esta oportunidade. Por eso me dirixo á Sra.alcaldesa, que según ben dixo vostede, é a Alcaldía quen ten as competencias para trasladar a oficina de turismo; pois bueno, Sra.alcaldesa recolla a suxerencia e actúe en consecuencia porque creo que é ben para Narón. Creo que é ben para os peregrinos e creo que será importante nun futuro, de que este concello empece a valorar e a promocionar toda a súa historia que ten tanto de espazos naturais como de Patrimonio, como de todo o que teña un interese turístico de visita por parte dos cidadás e non só eso, senón que posiblemente poidamos ser un concello referencia de cabeceira para determinadas cousas e teremos que enlazar o tema industria-turismo; turismo-industria, creo que é importantísimo.

Así como o tema deporte, como o tema cultural, como o tema social, todo é importante. Temos que intentar facer un conxunto e que Narón destaque por todas esas partes. Espero e desexo que votedes a favor polo ben dos nosos veciños e do noso concello. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: por aclarar e porque na Xunta de Portavoces eu mesma lle fixen unha suxestión e unha emenda, é dicir, que eliminase o segundo punto porque, llo expliquei e quero que conste, polo menos nesta acta. Nós o que pretendíamos era que no seu punto, no apartado primeiro estamos de acordo, xa llo dixen, é dicir, que ese trazado pase polo barrio de Xuvia para nosoutros consideramos tamén que é beneficioso, sí que é verdade que non estamos metendo medo a ninguén. Estamos informando de que esa acepción sí que vai a pasar a ser .. e eso está aí. Entendemos que é beneficioso.

O que non entendemos e que lle decía, se podía facer esa emenda é de sacar o cambio da oficina de turismo. Por que? Porque lle explicaba que agora mesmo se vai a poñer ... bueno, en breve, se vai

a poñer en funcionamento ese punto de atención de información no muíño de Xuvia que é .. se se fai ese cambio de trazado por parte da Xunta de Galicia, o camiño de Santiago pasa polo barrio de Xuvia pois sería un punto de información que terían todos os peregrinos e peregrinas e manter o que temos agora sen facer ese cambio porque sería un dos centros de Narón para acoller outro tipo de persoas que visiten o noso concello, tanto, como ben decía .. tratamos de unir todo, tanto as persoas que veñen a visitar por aquí, por motivos deportivos, por motivos culturais, por motivos industriais e cremos que é un punto que é o suficientemente céntrico para que se vexa.

Todos os que estamos aquí creo que viaxamos, algúns máis, outros menos e cando vemos unha oficina de turismo que nos interesa, é vela e logo xa buscaremos onde aparcar. E se realmente créame, se o problema que ten a oficina de turismo de Freixeiro é que lle falta esa sinalización do aparcadoiro, créame que ese non é o problema para este concello para poñelo.

Entón, para que quede claro, nós ímonos abster porque .. e imos a facer un expediente inmaculado para solicitar ese cambio de trazado e que vostede dixo que ía a axudar para facelo. Perfecto. Pero o que lle pedíamos era que nos deixara tempo para ver como funcionaba ese segundo punto de información que é no muíño de Xuvia e vostede é o que rexeita. E como ben decía Natalia, esto non é unha competencia deste Pleno, é un algo que fan ese rogo, e nós lle establecemos o por qué non o facemos, é dicir, non queremos facer esa inversión dese cambio de ubicación ata que non vexamos como funciona ese segundo punto no Muíño de Xuvia. Por aclaralo.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: Abstencións 10

PP: A favor 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

8 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DO CONCELLO DE NARÓN A QUE LEVE A CABO UNHA CAMPAÑA SOBRE O CONTROL DA POBOACIÓN DE GAIVOTAS.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina**, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN: INSTAR O GOBERNO DO CONCELLO DE NARÓN A QUE LEVE A CABO UNHA CAMPAÑA SOBRE O CONTROL DA POBOACIÓN DE GAIVOTAS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Leva anos aumentando a colonia de gaivotas en diversas zonas do concello como sucede nos barrios de Xuvia, Gandara, Freixeiro e a zona máis problemática que é A Solaina, coa conseguinte problemática para os veciños/as.

Desde o concello de Narón non se están tomando medidas preventivas nin actuacións de ningún tipo.

As gaivotas poden converterse nun problema que implica tomar medidas de control e protección o máis rápido posible. A presenza das aves pousadas continuamente nos tellados dos edificios en as cornixas, os excrementos provocan corrosión nas superficies de metal, pedra, xeran sucidade, atascan e bloquean canlóns e sistemas de drenaxe con restos de niños e plumas o que poden conducir a danos de humidade nos edificios así como danar alimentos.

As gaivotas convertéronse nun problema recorrente e aumentando a cantidade de barrios nos que afecta a día de hoxe. A saúde dos nosos veciños debería de ser unha obriga por parte do goberno e estase mirando cara a outro lado.

Débase recoñecer a necesidade de adoptar unha solución con rapidez e reducir drasticamente a problemática para controlar eficazmente a praga de Gaivotas.



A época de cría vai desde Abril a Xuño, así que o tempo prima e urxe unha solución, é nesta época cando é máis efectiva a actuación e a prevención.

Ademais de controlar a densidade poboacional, no caso da gaivota é relevante tamén o estudo do seu papel na transmisión de enfermidades infecciosas.

Estudos realizados recentemente revelan que as gaivotas excretan unha alta porcentaxe de bacterias E. coli resistentes aos antibióticos, axudando á expansión de graves problema de saúde.

Ademais de que son transmisoras de Gripe Aviaria ou Gripe A, Salmoneloses, Histoplasmosis ou a Criptococosis entre outras.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta corporación e á súa responsabilidade e deber coa saúde dos veciños/as de Narón. O Grupo Municipal Popular insta ou Pleno dá Corporación, a adoptar o seguinte:

ACORDO

Instar o goberno de Narón que inicie unha campaña de control e estudo das gaivotas en todo nas zonas que están a ser afectadas polo aumento da poboación das devanditas aves.

E visto o ditame favorable, por maioría cos votos a favor de PP (1) e PSdeG-PSOE(1) e 3 abstencións (2 TEGA,1 BNG,) , da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Portela Parga: buenas tardes.

El motivo de la moción es que hai un problema real, que no se ciñe a casos puntuales ni determinados como se nos quiere hacer ver, si no que es un problema que ha ido en aumento los últimos años. Tal y como se reconoció en un día en pleno por el equipo de gobierno.

Estamos frente a un problema y tenemos dos opciones: tener clara intención política de solucionarlo y así ayudar a los vecinos, o por el contrario, mirar hacia otro lado y que sean los vecinos los que se busquen la vida.

Lo único real en todo esto es que en abril empieza la época de crías de este tipo de aves y que al igual que sucedió en años anteriores volverá a generar un problema en los barrios afectados año tras año y que si no se realiza una campaña de control poblacional el problema seguirá en aumento.

Por otro lado, estamos completamente de acuerdo con el informe técnico que se nos hizo llegar, lo que sucede que a nosotros los vecinos nos hablan de alguna queja como dice el informe, si no del aumento de algunos problemas y cada vez hay más lugares del concello. Es un informe técnico de medio ambiente y muy bien detallado pero habla de casos puntuales. Evidentemente no todas las quejas y solicitudes de los vecinos llegan al ayuntamiento directamente, en eso estaremos de acuerdo, pero eso no quiere decir que no existan más casos.

Desde nuestro punto de vista, hay una serie de contradicciones en todo esto. Por un lado se dijo en el consello territorial de Santa Cecilia por uno de los concejales presentes que textualmente dijo: “*el ayuntamiento no puede hacer nada porque el técnico de medio ambiente del concello nos dijo que hay que determinar que sea una plaga para actuar*”.

Sin embargo, eso no es cierto porque según el informe actual que se nos envió estos días se cita que en Ferrol sí que tiene sentido hacer el control porque hay una población extendida pero que no está declarada plaga, por lo tanto no es necesario determinarla como tal para actuar. Como dijisteis en el consello territorial, entonces que casualidad que el informe se contradice a si mismo. Entonces o dijisteis la verdad en el consejo territorial o únicamente se salió del paso para quitarse el problema de encima.

Por cierto también en el pleno de mayo de 2022, el concejal del equipo de gobierno dijo que había un número anormal de esta especie pero tampoco se quiso actuar. Al final todo es una suma de contradicciones y utilizais los informes a vuestro parecer y aun encima para contradeciros a vosotros mismos. Entonces entendemos que el propio problema será una cuestión económica, es decir, cuánto nos va a suponer tener que contratar a una empresa, pero si esa es la cuestión habrá que decirlo abiertamente sin dar rodeos e informes que os den la razón y de paso os contradigan. Por todo esto estamos cada vez más convencidos de que es necesario realizar un control poblacional de este tipo de aves y no darle la responsabilidad a los vecinos de que se busquen ellos mismos la solución.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, pola nosa parte sí que imos a apoiar esta moción, ímola apoiar en base a ese informe que se nos fixo chegar dende os Servicios municipais. Entendemos que si o concello veciño ten instaurado un programa de control precisamente, incluso no informe se fai referencia a que as zonas digamos, colindantes do concello veciño pois sí que se poden ver afectadas, entendemos que polo menos para esas zonas sí que se ten que facer no sentido que se trata a moción, que é regular unha campaña de control e sobre todo un estudio. Necesitamos ese estudo e sobre todo realizar esa campaña precisamente, retirada de ovos que é o que se plantexa. Por eso, o grupo socialista sí que imos apoiar esta moción.

-Sra.Ledo Díaz: imos ver... hai outras circunstancias como pode ser noutras cidades como Vigo que creo que aquí sabemos que non acontece en Narón. Dígoo porque esta moción xa se trouxo noutro mandato, se falou de que se falou cos veciños como trampear. Eu creo que A Solaina ten problemas máis graves, no, como é a situación agora mesmo desa avenida que en teoría é plataforma única, dende lo que eu confío na plataforma única, se a vira así noutro sitio non volvería a confiar nela e que empezou cun sobrecusto. Eu creo que eso tamén é un problema e o que creo é que hai que ter en conta todo eso e que aquí non hai unha plaga de gaivotas, creo que temos que reconecer que eso é así e outra cousa é que haiba que axudar á veciñanza cos problemas que se deriven do paso de certas aves que é verdade que cada hai menos alimento, cada vez vai menos xente ao mar, entonces as gaivotas se achegan á terra con todas as circunstancias que eso se dá. Eu creo que aquí somos conscientes de que non hai unha plaga e non imos votar en contra pero imonos abster porque bueno, repito, sabemos que hai problemas no barrio da Solaina que atallar que cremos que teñen máis importancia que non esto. Tamén nos gustaría falalo nun pleno e non deste punto.

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes. Novamente, bueno, o informe técnico creo que é moi claro. O informe técnico di que consultadas 3 empresas expertas no tema e coñecedoras da situación do concello de Narón, di textualmente que “non sería efectivo nin chegaría a notarse”. É dicir, non entendo a que conduce decir que existe unha praga cun problema específico e moi grande e tal... aquí as queixas que houbo con respecto a este tema foron de veciños de Santa Icía, eu non sei de onde saca toda esa historia de que hai cantidade de xente preocupada por esta plaga. O que si que nos din que sería conveniente tomar medidas... evitar que os entornos urbanos a xente deposite o lixo fóra dos contenedores, que a xente deposite residuos orgánicos nas fincas etc.etc. e os veciños que consultaron con este departamento de Medio Ambiente, se lles informou que había medidas disuasorias en zonas moi concretas, en edificios moi concretos que se podían levar a cabo sin grandes inversións, sin grandes problemas. Entonces non entendemos esta moción porque esto xa foi explicado en mocións anteriores hai un ano ou dous. E nada máis.

-Sr.Portela Parga: que la Solana tenga otros problemas no quiere decir que el resto de problemas se tengan que dejar de lado. Habrá que tratarlos, no abandonarlos. No hay que tener una plaga para actuar si no una población excesiva, reconoce el informe. Reconocisteis en el pleno un problema



NARÓN

en que hai un número anormal de esta especie que pueden ser transmisoras de problemas sanitarios. Eso se dijo aquí en este Pleno por el equipo de gobierno.

Para determinar que hay una plaga como también habéis dicho o como dice el técnico de medio ambiente, sólo es recomendable actuar cuando hay una población elevada. Todo son contradicciones e incoherencias, más de lo mismo. Con contradicciones, desde nuestro punto de vista nos dan la razón, la diferencia es que es una arbitrariedad subjetiva que utilizais. Es decir si hay caso para actuar y la población es anormal, desde mayo del 2022, por que no se actúa. O por el contrario es puntual.

Desde nuestro punto de vista entendemos que es necesario controlar el aumento de la población de estas aves y no son casos puntuales los que nos hacen llegar los vecinos. Como dije antes al ayuntamiento llegarán por un canal una serie de determinadas quejas pero eso no quiere decir que haya muchas más.

Podemos estar debatiendo, discutiendo si hay casos, si no hay casos, o si es una contradicción, hay un problema. Tenemos 2 opciones, o lo solucionamos desde el ayuntamiento y ponemos los medios necesarios para solucionarlo, o les decimos a los vecinos que se busquen la vida y que además de pagar sus impuestos se gasten el dinero en contratar ellos a la empresa, como dice el informe, que sean ellos los que contraten a la empresa para que les solucione el problema, cuando debemos de ser nosotros los que contratemos a la empresa para solucionar el problema. Creo que debería de ser así.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. Por aclarar algo que me preocupa que se dixo aquí, “los informes a vuestro parecer” . Que se fan os informes ao noso parecer, que os técnicos fan os informes ao noso parecer. Máis alá de toda a realidade, é dicir, a persoa que asina este informe técnico de Medio Ambiente fai o informe que ela considera, e por favor esto que quede claro. E realmente hai unha cousa. Si que evidentemente hai propostas con respecto ás gaivotas no barrio de Santa Icíá pero o que di ese informe e que realmente utilizades como queredes e poñedes, quitades, e clariño e di: no caso... nolo aconsellan porque non ía ser efectivo nin chegaría a notarse. É dicir, o que pedides que ese control poboacional o desaconsellan as persoas expertas e neste caso, sexamos serios son empresas que se dedican a eso, que máis querrán que as contratemos para facer un traballo. É dicir, si elas mesmas din que esa non vai a ser a solución.

Entón, o que estamos a votar e quero aclarar, é dicir, sí que hai queixas e mais das que entran por Rexistro. Probablemente hai máis xente que non fai chegar a súa queixa por Rexistro, somos conscientes. De feito se estivo mirando nesas comunidades de propietarios e realmente o que imos a facer é que o que pedides creo que non é a solución, e non é porque o digamos nós políticamente porque hai técnicos tamén independentemente desta persoa que avalan o que estou a dicir.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

9 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA RECLAMAR Á XUNTA MÁIS PERSOAL E MÁIS HORAS DE LIMPEZA NO CPI O FEAL.. -Lida polo secretario xeral a

moción que di así: Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque

Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI do Feal é un centro público integrado con ensino infantil, primaria e secundaria. Hoxe é o centro escolar público meirande de Narón. Asemade, A Xunta de Galiza asume os gastos de limpeza dos centros públicos integrados no noso país e non os concellos e nos que temos que ter en conta que son unha tipoloxía de centros educativos radicados en teoría en “zonas de baixa poboación. En Narón podemos dicir, dalgunha maneira, que un CPI no Feal é unha situación anómala se atendemos a esta descrición, pero que hoxe segue a ser o colexio con máis alumnado e cunha situación de falta de limpeza grave e que se perpetúa no tempo. Se á Xunta de Galiza lle corresponde a limpeza é o Concello o que ten que atender o mantemento de parte do espazo, así como velar e reclamar as melloras necesarias do centro.

O servizo de limpeza do CPI O Feal leva anos necesitando máis persoal chegando a ser dramático en tempos de pandemia. O BNG levou esta situación ao parlamento galego e a Xunta actual nada fixo ao respecto mais alá dunha “valoración da situación”. Debemos, como concello, ser nós quen poñamos a alarma do que acontece e ser quen de manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficiente posíbel e, temos que ter claro, que non manter a limpeza dun centro desta embergadura por falta de persoal, é un problema mesmo de saúde pública. Hoxe, con dúas persoas contratadas a xornada completa e unha a media xornada, faise insuficiente. Os baños de infantil poden pasar días sen ser limpados e, moitas familias, informan de que os seus nenos e nenas non os usan polo estado de limpeza.

Con todo isto, vemos urxente máis unha vez, reclamar máis persoas traballadoras de limpeza para un centro que conta con arredor de 700 persoas como alumnas e alumnos e no que a Xunta está a practicar a deixadez de funcións.

POR TODO ISTO SOLICITAMOS:

- 1.- Reclamar á Xunta de Galiza que, de maneira inmediata, contrate mais persoal e aumente os horarios de limpeza do CPI “O Feal”.
- 2.- Aumentar unha quenda de limpeza no comedor de maneira que sexa efectuada despois de cada servizo: servizo de madrugadores e servizo de xantares.

E visto o ditame favorable, por maioría, con 4 votos a favor (2 TEGA, 1 BNG e 1 PSdeG-PSOE e 1 abstención do PP, da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A SÚA MOCIÓN:

“A engádega sería un novo punto:

- 2.- Aumentar unha quenda de limpeza no comedor de maneira que sexa efectuada despois de cada servizo: servizo de madrugadores e servizo de xantares.”

(Queda incorporada a emenda do BNG á súa propia moción : engádese o punto núm.2)

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: ben, a moción ven motivada porque o servizo de limpeza do Feal está a ser máis que deficiente e a gravidade chega a ser incluso un problema de saúde pública, porque hai nenos e nenas incluso de infantil porque os nenos e nenas de infantil que son menos conscientes, están sin usar os baños pola situación na que se atopan e é por suposto grave.

A día de hoxe a limpeza do CPI O Feal, corresponde á Xunta e a Xunta ten que actuar e esto non é novo. Levámolo reclamando no Parlamento Galego anos. No momento da pandemia no CPI O Feal, a respecto da limpeza chegou a ter moitísimos problemas. A día de hoxe hai 3 persoas



traballadoras no servizo, dúas a tempo completo e unha a media xornada e se di dende a Xunta de Galicia que se está cumprindo unha ratio, unha ratio que se comparamos cos CEIPs que é un servizo que está prestando o concello, a diferenza dos CPIs que presta a Xunta vemos que non se compensa. E que ademais esa estrutura dese edificio fai que ao mellor se teña que reforzar ese servizo, falar coa empresa que está realizando o servizo pero o que está claro e que xa non é só a anpa, os pais e nais que levan aos seus fillos a ese centro, senón tamén o profesorado. Estamos nun momento crítico, nun problema de saúde que se ten que atallar. Pensamos dende o Bloque Nacionalista Galego que á Xunta deberíalle de dar vergoña que máis de 650 de nenos e nenas e rapaces que van ao CPI O Feal teñan que traballar, estudar en condicións indignas. E a verdade, si tiveramos que pensar hai uns anos que teríamos que reclamar sobre a limpeza dun colexio ou dun centro, é que a min non se me ocurriría.

E hoxe temos que vir coa obriga de presentar esta moción. E a engádeda, unha vez presentada esta moción, pedíronnos que o servizo de comedor se aumentara unha quenda porque despois do servizo de almorzo está sucio e non se fai. Para que se poida realizar despois do servizo de madrugadores pero consideramos que é importante atallar e mellorar para eso tamén hai que escoitar a unidade educativa e agora mesmo no CPI teñen un problema coa limpeza e moi grande. Calquera persoa que vaíamos alí e me consta que aquí somos de todos os grupos sabemos o que estamos a falar, cal é a situación agora mesmo e é moi importante darlle solución.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Indudablemente imos a apoiar a moción do BNG e queremos tamén contextualizar esta moción precisamente en que os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023 e para o ano 2024, volven a ser.....e tamén vamos outra vez a unir a moción que se levou no Pleno anterior onde instábamos á Xunta de Galicia a que fixera o mantemento proporcional, xa non digo semellante, proporcional ao que acaban de facer no concello de ao lado, en Ferrol, que investiron 7 millóns.

Por que decimos esto? Decimos esto porque aínda que a moción está centrada no CPI O Feal si que é extensible a o todos os centros de Narón e quero poñer un exemplo, quero poñer o exemplo do CEIP da Gándara, onde van os meus nenos. O outro día no consello escolar se trasladou que hai un baño que agora mesmo que é noxento, incluso os nenos pequenos, que estamos falando dos nenos de infantil, que non se atreven a ir ao baño. E aquí quero poñer un exemplo incluso persoal , ao meu neno non lle gusta facer as súas necesidades no colexio porque di “*papá, está muy sucio*”. Corroborado polo centro educativo, eso é o que está acontecendo en Narón. Incluso aos nosos nenos pequenos lles dá noxo ir ao baño. Entón eso que decían no consello escolar que, bendito covid, grazas ao covid con ese reforzo estaba todo limpo. Entón, claro que ten sentido esta moción, ten todo o sentido, se me fai curta porque eu o faría extensible a todos os centros educativos de Narón.

E o que non pode ser é outra vez máis, esa política depredadora, neste caso do Partido Popular, que sempre prioriza o privado, sempre se gasta, neste caso, se prioriza o concertado sobre a pública. E por eso máis, e xa digamos por enésima vez, facemos fincapé en que o día 18 de febreiro hai eleccións á Xunta de Galicia e esperemos co Partido Popular que abandone a Xunta.

-Sra.Bouzamayor Villasuso: moitas grazas. Boas tardes a todos e a todas. Dende o grupo municipal do Partido Popular somos conscientes que o protagonismo que ten a limpeza nun centro educativo, un ambiente limpo significa un ambiente saúdable e polo tanto, benestar e seguridade tanto para os estudantes como para o persoal. Incluso tamén para aquelas persoas que ocasionalmente podan transitar polo centro.

Todos sabemos que un ambiente limpo reduce enfermidades infecciosas, axuda a prevenir lesións e accidentes, mellora a capacidade de aprendizaxe, incluso concentración no estudio. Tamén é

importante manter uns equipos limpos xa que alarga a súa vida útil. E como somos conscientes de todo isto realmente preocupáanos o que se está expoñendo nesta moción.

O servizo de limpeza do CPI do Feal de Narón foi adxudicado á empresa Lincamar S.L. por un importe de 475.805,01 euros. Hai pouco, o 1 de decembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2025. É un período de execución real de 20 meses. E no Prego de prescricións técnicas especificábase un número de 100 horas semanais en total dedicadas ao centro. Unha serie de requerimentos na prestación do servizo en canto a traballos a realizar, así como a frecuencia dos mesmos.

Tamén sabemos que esta nova empresa subrogou como ben decía antes Olaia, tres limpadoras, dúas das cales están a xornada completa e unha a xornada parcial. Para realizar traballos que ten nun centro de 3.194 metros cadrados. Estamos falando de que este volumen de traballadoras supón un ratio superior ao que está estipulado xa que corresponden 1800 metros cadrados para unha limpadora a xornada completa.

Por todo isto, entendemos que á vista destes datos o centro conta con recursos suficientes para realizar os traballos. E tampouco nos constan queixas do servizo da empresa recentemente adxudicado. Polo cal, gustaríame preguntarlle ao grupo municipal do BNG que é o que expón esta moción, se eles teñen algún informe técnico avalado por algún directivo ou persoal do centro para poder chegar a este Pleno cunha moción que o único que fai é crear dende o noso punto de vista polo que coñecemos, un alarmismo na poboación. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: o Partido Popular de verdade chega a uns límites tremendos. Vivimos nun sistema competencial. Cada administración ten as súas competencias menos o Partido Popular. Porque cando el está gobernando na Xunta, non asume as súas competencias, porque eso é culpa da administración local ou é culpa da administración estatal pero culpa deles xamais. Responsabilidade cero. E agora a responsabilidade é da empresa. A nós se nos acusa de que as nosas obras temos que controlalas porque a veces se fan tal... E vos mesmos nin sequera sodes capaces de controlar un Prego, unha continuación dunha limpeza nun centro escolar. Esas son as leccións que vos dades.

Contrato 2015-2018: 3 limpadoras con 117 horas semanais. No seguinte Prego que debía ser que ían sobrados, que non facía falta se reduxo a 2 e media, con 100 horas semanais. As cales a día de hoxe, que eso tamén é responsabilidade vosa que o controlades, e a día de hoxe só hai 2 persoas. As cales só cumpren 80 horas. Non as 100 que teñen dentro do Prego. Información, a ver se se cumpre ou non se cumpre: non se limpan e fregan os baños do patio cuberto diariamente, según o Prego, só cando se limpa o patio, 2 veces á semana. O Prego di o contrario. O patio cuberto ten unha situación preocupante de hixiene e non é suficiente a frecuencia de 2 veces á semana. A alfombra da entrada non se limpa a diario, incumplindo o Prego. Radiadores e fiestras non se limpan. Ou non se limpan coa frecuencia indicada. Incumplindo os pregos. Elementos electrónicos: fotocopiadora e teléfonos e mesas ocupadas e tal...xa os limpan os conserxes.

Máis situacións: o pavillón, o limpa o concello; o comedor, a empresa de catering incumple o Prego da Consellería, só deixa as mesas dos almorzos limpas para o día seguinte, tendo que ser a empresa do concello a que limpa o chan, a que limpa as piletas, os baños e o resto. Necesidades máis información? É responsabilidade vosa isto, eh.

Sen contar que evidentemente hai unha gran diferenza cos centros de... excepto o Virxe do Mar, que tamén é dentro deste Prego que o resto de escolas do Concello de Narón. Ese dato que diches o ratio de 1.300 m² por limpadora, con 2 e media. Porque con 2 dá un ratio de 1.600. Cando todos os centros escolares que están metidos polo noso concello están nun ratio de 1000 m² por limpadora. Entón por favor, asumide algunha vez da vosa vida a vosa responsabilidade. Que isto é unha competencia vosa directa. E si o Prego ou a empresa ten algún problema, a responsabilidade é vosa. Controlade que esa empresa faga o traballo que ten que facer.

-Sra.Ledo Díaz: responsabilidade da Xunta porque é un servizo público, entón como tal ten que velar por ese Prego que tamén xa estabamos aquí facendo as contas e nos sae bastante menos das traballadoras que hai en Narón a ese respecto. Ao mellor isto de subrogar eu non sei quen se



queda co diñeiro, que fan co diñeiro pero está claro que hai alguén que se queda porque sae máis barato se miramos os convenios e non creo que se lles suba o salario, por desgraza, ás traballadoras da limpeza que é un servizo bastante precarizado.

Pero ben, falaban de ratio, falaban de metros cadrados e eso tampouco é real porque hai que mirar como é a situación deste CPI que ata o mes de xaneiro non tivo ascensor. Houbo unha familia que tivo que reclamar, houbo unha familia que tiña un neno que ía a primaria que obrigou a toda a súa aula a estar en infantil (ía en cadeira de rodas) porque non podía acceder as diferentes plantas do CPI O Feal, que todos sabemos como é ese edificio.

Estabamos pedindo a concelleira do Partido Popular informe técnico de expertos, e voulle a decir unha cousa, sí que sabemos quen está limpando ese centro. Temos a mestras que están limpando o CPI O Feal. E tamén lles digo que cando vaian pasan o dedo polo pupitre a ver como lles queda o dedo porque é unha auténtica vergoña a situación que se está a dar no CPI o Feal. E si é unha auténtica vergoña e se está a ser un problema nun centro público, terá que ser a Xunta quen vele por iso. Porque ademais as limpeza dos CPIs dependen neste caso da Xunta. E non sei qué máis podemos decir. Eu creo que esto está bastante clariño e xa todo o mundo expresou as súas posturas, pero por favor, eu creo que esto incluso podería ser aprobado por unanimidade. Creo que todos estamos de acordo en que hai que mellorar este servizo.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, como seguimos falando de ratios, eu nunca fun partidario de que estos ratios sempre foran por superficie, por metros cadrados, porque sempre me gustou poñelo no contexto das persoas. Toda vez que hai 700 alumnos e 4 limpadoras pois mire nos sae a 2 e media, nos sae casi, non son de matemáticas pero nos sae a 200 alumnos por limpadora sen contar o persoal docente. A todas luces é unha cantidade inxente de traballo para esas limpadoras. Eu o que non sei a día de hoxe é como eses pais e nais non están nas portas manifestándose contra a Xunta de Galicia.

Porque xa lle digo, se é nas mesmas condicións que están acontecendo neste caso na Gándara, no baño de infantil, xa lle digo que os cativos teñen neste caso, noxo de ir ao baño é inasumible no século XXI. Pero claro, sí que é razoable cando a Xunta de Galicia inviste 0 euros en Narón.

-Sra. Bouzamayor Villasuso: bueno, vou tratar de responderlle a cada un.

Neste caso, Sr.Román, eu non lle estou botando a culpa a ninguén. É certo que esa competencia a ten a Xunta e sí que o sabemos. A Xunta agora mesmo ten contratado unha empresa que acaba de empezar, é dicir, tampouco lle estamos dando un tempo de que se hai que mellorar que poda mellorar as cousas. Pero a empresa tamén ten unha responsabilidade no ámbito de que ten que controlar de que os traballos se estén facendo. Se eses traballos non se están facendo e non se fan ben haberá que remitirlos á Xunta para que a Xunta lle reclame eso.

Por outra parte, estame falando de que ten coñecemento detallado de cando se limpa unha cousa, cando se limpa a outra, ten vostede un informe técnico con todo isto? (*lle contesta a Sra.alcaldesa que sae nos pregos*),... no, nos pregos está pero non o que dixo el, que non se cumprían, os pregos tamén os teño eu. Pero estame decindo que unha cousa tense que limpar un día e non se limpa, entón ten un informe de todo eso, gustaríanos velo. Porque si me di que ten un informe onde non se está cumprindo nada a problemática xa ven de vostedes, de que non están actuando, no, no, e que saben que non se está facendo ben e están calando e ten que chegar unha moción do Bloque Nacionalista Galego a este Pleno para que vostedes reaccionen e digan "ah, es que nosotros también lo sabemos"

-Sra.alcaldesa: só unha cousa por darlle unha información. (*A Sra. Bouzamayor lle resposta que está falando ela*)

-Sra. Bouzamayor Villasuso: ... queremos ver ese informe que teñen de todas maneiras. E con respecto ao BNG responderlle un pouco máis do mesmo, é dicir, non sei se teñen un informe, se limpan as profesoras, as profesoras limpan sempre ao inicio do curso, vale? o que hai que mirar tamén é os traballos que realizan cada unha das traballadoras e a eficiencia que poden ter en ese cumprimento do servizo. Vale? Entonces hai que analízalo todo, velo todo e se realmente non está cumprindo reclamarlle á empresa e por ende despois á Xunta, claro que sí. Pero volvo a dicir que quero ese informe para poder ... sen ese informe non podemos nin votar a un sentido nin votar ao outro.

A nosoutros preocúpanos unha problemática que pode ... preocúpanos moito porque realmente, sobre todo nesta bancada temos fillos, incluso algún que vai ao colexio do Feal e non estamos notando esa falta de limpeza e esa alarma que din que afecta á saúde pública. Dios mío, estamos creo, que poñendo as cousas nun nivel que non é así. E se é así, eu quero sabelo. Entonces hai que facer un informe e traer un informe e reclamálo. Claro que sí. E que se vaia alí ou non se vaia alí, non podemos estar pensando o que me di un, o que me di outro e que eu oín, e que eu dixen, que escoitei, é que eso non vai así. Se o concello sabe que hai esa problemática é o primeiro que ten que actuar, o primeiro. Nada máis. Grazas.

-Sra. alcaldesa: que a situación é así, é sabida, independentemente que foi posta en coñecemento pola anterior concelleira de Educación e a maiores, créanme que quen ten que velar porque un contrato que ten adxudicado cumpla o que alí pon entendo que neste caso, é a Xunta de Galicia, que é a que contrata, a que fai ese Prego de contratación e a que adxudica, entón como comprenderá que sexa a propia Xunta a que vele e porque ese contrato se leve a cabo e de feito lle digo que xa se puxo en coñecemento pola anterior concelleira a situación que se estaba dando no CPI O Feal.

E nese caso é obvio que eses pregos se compara os que se sacan os datos que lles estaba dando o concelleiro de Terra Galega, eses ratios que saca dos pregos do concello de Narón con respecto da Xunta de Galicia, se vostede compara creo que aí se ve que é difícil.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

10 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MANTER A MESMA COLABORACIÓN ECONÓMICA COAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS EN FESTAS E OUTROS QUE NO 2023.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Narón é un concello dinámico coa media poboacional máis nova da comarca de Ferrolterra. O seu tecido asociativo é o mellor exemplo e, como administración pública, colaborar e manter unha relación directa é necesario. O Concello de Narón mantivo sempre unha serie de festas que xa son parte viva do mellor Narón: Oenach, A Esfolla, Pena Molexa, Festa da Ameixa Rubia ou “Alteada” e o Samaín. Nestas festas o concello é parte organizadora e, agás na Alteada, o padroado da cultura súmase á organización delas e, coa colaboración das asociacións veciñais de cada parroquia, xorden festas que fan que o espazo público de Narón se encha de vida e alegría de



persoas de todas as idades. Manter estas festas e seguir a colaborar economicamente noutras como as festas dos callos en San Mateo, o entroido de Xuvia, o magosto do Val, a festa dos Liscos en Doso é importante para seguir a manter un tecido asociativo que vale de dinamización dos nosos barrios e parroquias, de punto de encontro e mesmo de unión entre concello como administración e a veciñanza activa.

Por todo o exposto consideramos importante seguir a sermos referentes na activación e colaboración das actividades das asociacións veciñais alén das subvencións ás que poidan optar a maiores.

POR TODO ISTO, SOLICITAMOS:

1.- Manter nos orzamentos do 2024 as partidas usadas para a colaboración e organización de festas coas asociacións veciñais das parroquias de San Mateo, O Val, Doso e Xuvia nos mesmos termos que no ano 2022 e 2023: festa dos callos e Samaín en San Mateo; festa do Entroido e Alteada en Xuvia; festa da Esfolla e festa dos liscos en Doso e magosto e festa de Pena Molexa no Val.

Narón, 17 de xaneiro de 2024

Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable, por maioría con 3 votos a favor (1 PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA, da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: boa tarde de novo.

Hoxe non temos os orzamentos nin coñecemos o borrador, mais si que sabemos que se está chamando ás asociacións veciñais para falarlles de recortar partidas pequenas para o orzamento total do que é o concello de Narón e parécenos grave porque vemos como durante o período anterior, obras como a da Avenida da Solaina, a primeira semana xa tiñan custos de 360.000 euros, preocúpanos porque vimos como 12 millóns de euros de remanentes do ano pasado, quedaron en dous e aínda non sabemos ben en que se están facendo efectivos, preocúpanos porque se aproban partidas en obras mal feitas como pode ser o bowl de Piñeiros, anuncios a bombo e prato hai unhas semanas de que se ía a investir 17 millóns de euros se se aprobaban os orzamentos que de momento non coñecemos, e vemos como están os camiños e preocúpanos todo eso porque aquí entendemos que hai uns orzamentos prorrateados e todas estas partidas, as asociacións veciñais son as mesmas, e se lles está informando de que teñen que escoller entre unhas festas ou outras; por certo, algunha das parroquias que se lle anuncian son festas como a de Pena Molexa, como a da esfolla en Doso, ou como a do Samaín para escoller con outras festas que teñen como a dos callos, como a do magosto no Val ou como a dos liscos, que non entendemos porque en realidade as festas que nomeei son organizadas polo Concello de Narón e no cartel ven que colaboran as asociacións veciñais, que dende aquí pedimos que tamén que poñan quen as organiza porque non é só sexa má de obra que son parte organizadora desas festas tan importantes e se lles está decindo, en Xuvia, por exemplo, que se queden sen ese entroido infantil que leva 6 décadas a facer, ou a escoller tamén a da ameixa. Partidas pequenas unhas entidades, unhas asociacións que están a traballar como punto de encontro porque logo falamos de que queremos a .. das persoas e ao final a parte máis activa da nosa sociedade tamén se move a través das asociacións e das entidades, e as asociacións veciñais hai que apoialas, hai que promovelas, para eso están as administracións públicas, non para absorvelas ou que desaparezan pero para eso está.. tamén estamos aquí para facer política. Para apoialas e promovelas, para que sexa un punto de encontro para as persoas de todas as idades, para gañar espazo público e nesas festas o que se fai é compartir espazo público entre familias, entre persoas de todas as idades, e agora se lles anuncia que se lles vai retirar unhas

partidas que nós consideramos pequenas e nós por aí non pasamos porque ademais o decimos claramente.

Vimos duns consellos territoriais onde agora se aplica o regulamento tal cual, e se lles di que só poden participar as asociacións que estean no Rexistro, vimos deses consellos territoriais en que en ningún momento se nomeou a retirada destas partidas. Cando eles sí que viñeron, as asociacións que todos participamos neses consellos, a pedir cousas. Entonces nós nos preguntamos para que vale a Participación Cidadá neste concello. Canto custa a licitación da empresa que regula a participación Cidadá porque igual hai que modificar o regulamento e igual hai outras partidas que tería que valorar este concello. Dende logo sabemos que as asociacións veciñais son unha parte que hai que promover e que ademais é necesario, é necesario porque é a maneira de poder comunicarnos e de que haxa unha relación nas parroquias, nos nosos barrios para que teñan vida, para que valgan de punto de encontro. E para tratarnos todos de igual a igual.

E se empezamos por aí creo que veñen mal dadas. E non vale decir que se vaia pola parte das subvencións, cando todos sabemos as poucas entidades e asociacións que piden subvencións neste concello polos problemas que hai para concedelas. E porque hai certas partidas que sabemos que non se poden incluír, entonces non entendemos que se fale con determinadas parroquias y barrios para recortar en algo que vale para crear espazo público e que para que todos e todas podamos disfrutar dos nosos barrios e parroquias. Nada máis.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, nós imos apoiar a moción do BNG, ben é certo que neste caso, non se collen todas as asociacións veciñais, en festas podemos ver no Alto, podemos ver na Gándara... Pero entendemos que se o BNG presentou estas opcións veciñais debe ser porque ten constancia de que si que tiveron esa información por parte do concello onde terían que elixir. Nós o queremos decir e ímolo decir así, Sra.alcaldesa, nosoutros non somos partidarios, primeiro, nin do vitimismo, ni segundo tampouco somos partidarios de enfiar uns veciños contra outros respecto a buscar aliados nas asociacións de veciños para buscar culpables na oposición, por non aprobar uns orzamentos que esta parte neste caso, nin sequera coñece.

Nós entendemos que eso non é política, polo menos a do século XXI que merece Narón. Se o que se pretende por parte de Terra Galega é que se aproben os orzamentos neste caso, polos grupos da oposición o primeiro que teñen que facer é sentarse, descolgar o teléfono neste caso, presentar uns orzamentos e falémolo. Falémolo e discutámolo todas as partidas orzamentarias onde se pode mellorar e onde non.

Esta é unha percepción miña, persoal, lonxe quedan os tempos en que Narón se gobernaba, de feito teño que decilo dunha maneira autocrática. Terra Galega non ten a maioría absoluta, Terra Galega é certo que é o partido maioritario, ben é certo que pola lei tal e como está lle corresponde ostentar a Alcaldía, pero é máis certo que a oposición ten a maioría neste caso, dos concelleiros deste Pleno. E polo tanto, para que saian adiante ten que haber unha interlocución e a interlocución son os seus representantes. Neste caso os representantes do pobo de Narón son esos 21 concelleiros que estamos, non pode ser que se acuda á vía de atrás para esos chantaxes emocionais por decilo dalgunha maneira, sin querer utilizar unha expresión tan brusca, pero así é considerado, de falar coas asociacións de veciños para decirlles que teñen que optar entre unha e outra. Nós non o consideramos acertado, e aínda considerando que a moción do BNG, é incompleta por non acoller a todas as asociacións de veciños para organizar festas, sí que imos a adoptalo no sentido de decir “imos a ser un contradique”, esta política de vitimismo só pode funcionar un ano, non vai funcionar os 4 anos Sra.alcaldesa, van ter que sentarse coa oposición e dende logo o noso voto neste caso é favorable á moción.Moitias grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

En referencia a esta moción, a verdade é que os datos que nos chegaron estes días non están moi claros. É decir, aquí entendemos que faltan asociacións de veciños e, polo tanto, a nós gustaríanos que viñemos defendendo dende hai moito que para todas estas axudas, se debería de facer unhas



bases, unhas bases onde se recolleran entre outras cousas, a antigüidade, a súa tradición, o interese cultural, antigüidade, interese deportivo ou social. Ou calquera tipo de interese que poida haber na parroquia.

E neste caso, nos entra a dúbida de que aquí lles falten asociacións de veciños, e que deberíamos de traballar polo interese xeral. Entonces considero que se debería de replantexar esto, darlle unha volta, Sra.alcaldesa, e convocarnos a todos os portavoces ou ao compañeiro que esté representado, esa parte das asociacións, ao presidente das asociacións, ver a disposición das partidas que hai, ver como van ser os orzamentos do ano 2024, porque somos conscientes de que están difíciles os orzamentos do ano 2024, pero para todos en xeral. E para as asociacións posiblemente máis todavía, no. Pero creo que non sería un trato coherente de verdade, pensar que hoxe estamos facendo aquí un tema e deixando fóra a determinadas asociacións.

Creo que esto se debería de deixar enriba da mesa e o que lle acabo de propoñer Sra.alcaldesa. Que nos convoque a todos os grupos, portavoces ou persoa que representa esas asociacións do grupo que sexa, os presidentes das asociacións todas que estén lexitimamente constituídas e facer unha xuntanza e valorar... é certo que o goberno debe de levar os números feitos, é dicir, imos dispoñer de tanta partida para todo este tema que queremos facer destas asociacións, e todas estas festas tradicionais e todo o que está facendo e facer un reparto coherente se o diñeiro non chega para máis.

Entonces, eu creo que esa é a nosa proposta desde ese punto de vista. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: entendo que o que fai é unha petición formal de que se vote, entendo que se ten que votar se queda enriba da mesa ou non.

-Sr.Castrillón Permuy:... son consciente, eu falei con asociacións estes días e que non están incluídas nesta moción e que elas se sinten estranas deso. Por eso eu fago esto. Eu estou a favor de que haiba que axudar a todas as asociacións pero tamén é certo que debemos de ser coherentes co territorio, ser coherentes co territorio. E valorar, é dicir, o goberno debe saber de canto diñeiro dispón para todos estos colectivos.

E o que non pode ser é que hoxe aquí aprobemos para 4 asociacións e que as outras asociacións queden fóra. Eso sí que eu entendo que non sería coherente porque é certo que habrá asociacións que teñen un potencial máis grande e que teñen festas ou actuacións que merecen esa atención municipal pero bueno, ímolo plantexar seriamente. E que estén todos presentes. E que se poida valorar. Habrá técnicos aquí dentro do concello que podan valorar tamén ese proceso. E despois hai outra parte, que dende o Padroado de Cultura nalgún sitio destes se fan actuacións pois ao mellor hai que facer unha valoración de todas as partes e intentar solventar un problema que son consciente, que economicamente vai ser un ano duro e o próximo vai ser máis duro todavía. Polo tanto, eso é o que eu propoño.

-Sra. Ledo Díaz: Bueno, habrá que preguntar ao partido que presenta a moción se a quere retirar.

(Por min, faise constar que, de acordo co Regulamento orgánico municipal, cando hai unha petición formal dun concelleiro de retirada dun asunto ou de que quede sobre a mesa, porque se entende que falta algunha documentación ou a emisión dalgún informe, se somete a votación esa retirada, despois do debate, bastando a maioría simple para a súa retirada).

-Sr.Romero Franco: é evidente a situación que temos da necesidade de contención do gasto no noso concello, ano tras ano determinados servicios esenciais do noso concello fan incrementar as

partidas de gasto e ademais moi considerablemente. Podería detallar 7 ou 8 partidas que só esas partidas de incremento de gasto obrigatorio casi incrementan o presuposto do noso concello, casi en 2 millóns de euros. Entendemos que hai determinados conceptos ou partidas de gasto sobre todo a nivel social e non queremos axustalas, entendemos que eso é unha necesidade e cremos que temos que estar priorizando neses servicios e si que preferimos axustar dalgunha forma ese gasto que se fai nos conceptos de festa. Nin moito menos queremos eliminar as actividades que fan as asociacións. Simplemente é un criterio entendemos que queremos adoptar, a fin de contas, neste caso o entroido de Xuvia foi pola premura da data, xa que os presupostos aínda estaban por aprobar e tamén sabedes que en moi breve teredes os primeiros datos dese orzamento. E non queremos deixar, simplemente queríamos facer unha aposta por unha festa por parroquia para equilibrar a todo o territorio de Narón.

E por outra parte loxicamente tamén dentro desas subvencións de libre concorrência que as asociacións poden optar a elas para facer esas outras actividades que neste caso podan levar a cabo.

Se hai esa posibilidade de quedar enriba da mesa e incluso pediríamos tamén polo meno, ata que podamos ter os datos que vaia ser moi breve, o sabedes, do orzamento para despois poder tomar unha decisión nese sentido.

-Sra.Ledo Díaz: bueno, non sei se falaba doutro tipo de asociacións pero cando presentamos esta moción creo que xa eran conscientes de que o BNG falou absolutamente con todas as asociacións veciñais e, por certo, lles presentamos esta moción para saber se lles estaba pasando o mesmo nas súas parroquias e é verdade que se está a falar de diferentes festas. Unhas que son organizadas polo concello e o Padroado, se lles está dando a escoller a esas parroquias entre festas que organiza o concello, ou as que leva organizando as asociacións veciñais toda a vida. E por suposto temos ese apoio das asociacións veciñais porque non o faríamos doutra maneira. Pero si temos coñecemento do que aconteceu agora, como dixo Román, e no caso do entroido de Xuvia, agora xa se chega tarde.

Pero non nos equivoquemos eh. Nós non presentamos esto para estas 4 parroquias ou 3 parroquias e barrios se queremos porque agora Xuvia resulta que non é parroquia, é un barrio... do centro, non sei, do centro está bastante lonxe, non o facemos por estas 4 parroquias, non o facemos por Xuvia, que xa chega tarde. Facémolo por todas as asociacións veciñais do concello de Narón. Facémolo porque a asociación veciñal de Santa Icía nos dixo que eles tamén queren ter a súa propia festa e que apoian a estas 4 asociacións veciñais. Facémolo para que outras teñan máis de unha colaboración co concello. Facémolo para que esto non sente precedente, facémolo porque consideramos que era moi importante, este era o traballo que se facía conxuntamente entre concello e as asociacións veciñais porque valen de punto de encontro, e ao final o investimento non é elevado. Hai investimentos moitísimo máis elevados que logo ten sobre custos que nos venden a bombo e prato, como poden ser os chorros que queren poñer no parque de Xuvia e agora antes do verán non os imos ter, e nos decían que en setembro e se nos anunciou en campaña electoral, eso é o que a nós nos preocupa.

Entonces por suposto, que desta moción son coñecedoras todas as asociacións veciñais: podemos falar de convenios con outras entidades, con outras tal... nós falamos tamén co grupo de goberno e lles decimos que entidades cremos que se lles podía subir o convenio, cremos que se poden mellorar as subvencións pero cremos que isto é necesario non para estas 4 parroquias que se lles está decindo entre unha cousa e outra .. que non ten sentido, senón que o facemos polo conxunto de parroquias. E a día de hoxe pasou a un, mañá pasaralle a outro, pero nós o que queremos é sentar un precedente, un precedente que por certo, repito, por suposto que o Bloque Nacionalista Galego de Narón falou con todas as asociacións veciñais ou se lles achegou a moción vía mail. A todas eh. Dá lugar o color que hai xente que pon as asociacións, porque as asociacións non teñen cor político, ao final o que están é defendendo aos veciños e veciñas das súas parroquias ou dos seus barrios, polo menos, debера ser así. E por iso presentamos esta moción.



Que se nos pida retirar unha moción que ten todo o sentido porque se lles está quitando os cartos cando aínda non temos uns orzamentos, cando están prorrateados e todas esas partidas debían existir pola premura do entroido e mira.... Sobre todo polos gastos que se están anunciando a posteriori cando aínda non temos eses orzamentos enriba da mesa e que di Román que van estar máis pronto que tarde, agradecemos se é así.

Por eso se presenta esta moción e polo menos, pola nosa banda non a imos retirar. Se se retira cada quen que atenda as súas consecuencias, tamén así llo faremos chegar ás asociacións veciñais e en breve haberá unha nota de prensa que explique esta situación. Pero retirar partidas de 1000 euros, a festa do .. ou un magosto, ou a tal, o que se chega a dicir que se faga no ximnasio de Xuvia, por certo en Xuvia non hai nin sequera un pavillón para poder facer o que se facía. Porque non teñen un local social que cumpla os requisitos de son. Non está insonorizado. E hai persoas, hai unha señora que non lles deixa realizar actividade ningunha. Así que se está negando unha parte moi importante. Que saiban que todas as asociacións veciñais son coñecedoras deste, que se están reunindo e que están apoiando o que se lle fixo a estas 4 parroquias. Que teñamos constancia deso, e que cada quen que asuma as consecuencias do que se está a pedir.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, repito un pouco o que dixen antes no sentido de que lle fixen unha proposta á Sra.alcaldesa e como dixen temos que votar se queda enriba da mesa, pero coa proposta que fixen eu. Para que vote eu deixala enriba da mesa, ten que recoller esa proposta.

-Sra.alcaldesa: que vote vostede, é a súa proposta. É dicir, vostede pensará o que quere propoñer. E dicir, vostede está pensando...

-Sr.Castrillón Permuy: ..eu propúxenlle que hai que facer unha reunión con todas as asociacións e cun representante de cada grupo político.

-Sra.alcaldesa: me pide a palabra o Sr.secretario que creo que pode dar claridade un pouco a esta situación.....

(Por min faise constar que a retirada dun punto recollida no Regulamento Orgánico do concello atópase prevista para incorporar informes ou outra documentación cando se trata dun verdadeiro expediente administrativo. Ao atoparnos cunha moción que ten evidente carácter político, estímase que non hai documentación nova que incorporar e polo tanto votar a súa retirada non se corresponde co espírito do artigo dese Regulamento, nin se estima conveniente, podería crearse un precedente non desexado).

-Sr.Romero Franco: neste caso entendo o que nos explicou o secretario, volo pedimos persoalmente Olaia. En breve, sabedes que vai haber ese primeiro borrador. Simplemente .. entendemos a moción e non por eso queremos condicionar a nada a que presentedes de novo. Simplemente que nos dedes esa pequena marxe, sabedes que pode que para a semana teñades ese borrador e esperemos a ver cales son as mellores condicións e despois se entendedes que é necesario presentala sin ningún problema, sin ningunha solicitude de retirada nin nada de esto. Só é que esperemos a semana que ven para ter esos borradores do presuposto para poder votala sobre eso.

-Sra.alcaldesa: e unha cousa, se me permitides. Realmente, crédeme que cando a situación económica é delicada e hai que axustar os números, a nós encantaríanos manter esta situación en lugar de haber unha festa por parroquia, que fosen 10 e puidesemos colaborar en todo. Pero hai momentos nos que hai que priorizar unhas cousas sobre outras. E realmente neste caso, é verdade que non está sequera tomada a decisión. Sí que é verdade que hai comunicacións, só de unha, que é a máis co resto, hai comunicacións de todas as asociacións de que que farían se tivesen que elixir entre unha e outra, pero a realidade é que cada vez a situación é máis complicada. E eso que decías que anunciabamos a bombo e platillo, esa páxina que saíu na Voz de Galicia dos 17 millóns de euros, non é algo que saise ningún tipo de publicación dende este concello. É algo que na plataforma de Contratación, a Voz de Galicia entrou alí, veu esa memoria de contratación e sacou ela por “motu proprio” esa noticia.

-Sra.Ledo Díaz:quedo leda de que o secretario o explique porque lle estaba preguntando aos servizos xurídicos do BNG e me din exactamente eso, que non se debía facer o que estaba pedindo o portavoz do Partido Popular que por certo, na Xunta de Portavoces apoiou esta moción, pero non a imos retirar porque consideramos que é importante e non queremos coaccionar unha negociación do orzamento, no cremos que salga de aí como algo que xa se avisou as asociacións veciñais porque así parece sinceramente coacción... que organiza o concello festas coas que viña colaborando con partidas pequenas o Concello de Narón.

Entonces non imos retirar a moción e ademais temos ese compromiso e o Bloque Nacionalista Galego é unha organización seria que se debe aos veciños e veciñas voten o que voten, e nós agora temos un compromiso de presentar esta moción e así o imos facer.

Cada quen é libre por suposto, de votar o que queira pero ademais estamos moi orgullosas delo. Nos tería gustado o non ter que presentala porque tiñamos outras mocións preparadas para este mes e nos vimos na obriga de facelo pola situación que se estaba a dar antes, repito, de que se teñan os orzamentos en Narón do 2024. Entonces vímonos na obriga de facelo, non a imos retirar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

11 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A ENTABLAR NEGOCIACIÓNS COA PROPIEDAD DE CASA SAN ROMÁN PARA A SÚA CESIÓN AO CONCELLO. -Lida polo secretario xeral a

moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando o “INSTAR Ó GOBERNO MUNICIPAL A QUE ESTABLEZA NEGOCIACIÓNS COA PROPIEDAD DA CASA SAN ROMAN PARA A SUA CESIÓN Ó CONCELLO DE NARON”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O noso concello conta cunha xoia da arquitectura indiana atesourada polo barrio de Xubia. Esta edificación con máis de 150 anos de historia, atópase nunha situación ruínosa.

No noso pasado recente se acadou a cesión temporal de uso por parte do Concello que xestionou a entidade veciñal de Xubia. Superada a súa vixencia demostrouse que dito negocio



xurídico non serviu para o fin que se perseguía, que era a conservación e disfrute con carácter permanente deste anaco da nosa historia polo conxunto das veciñas e veciños de Narón.

O sentido da presente moción, é que por parte do goberno municipal se estableza negociacións coa propiedade do inmovible para que a súa xestión teña un carácter duradeiro no tempo que permita a súa consolidación dentro do noso patrimonio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó Goberno Municipal a que se estableza negociacións coa propiedade da “Casa San Román” de Xubia, para que con carácter permanente, o inmovible sexa de xestión ou titularidade municipal. Adoptando as mediades legais pertinentes e habilitando a partida orzamentaria necesaria para a realización do negocio xurídico axeitado a tal fin.

E visto o ditame favorable, por maioría con 3 votos a favor (1 PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA, da Xunta de Portavoces do 22 de xaneiro de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, en primeiro lugar, agradecer neste caso, ao secretario, da información recibida a catalogación do inmovible da casa San Román no Plan de Urbanismo e ver realmente a facilidade digamos de prosperar esta moción, de que teña éxito, de que acade o seu éxito que é recuperar un edificio emblemático do Concello de Narón como é esa casa indiana que se atopa no centro neste caso, de Xuvia que non deixa de ser digamos, o centro histórico de Narón, pese a quen lle pese.

Alí se atopou no seu día os 2 concellos antigos o que se mencionaba anteriormente e incluso hoxe o que está destinado para bodas civís e Rexistro civil pero o que queremos facer con esta moción é recuperar e rehabilitar ese pedazo, ese anaco da nosa historia e poñelo en valor, non só para a nosa xeración senón para as xeracións vindeiras. Que poidan disfrutar e o que pretendemos é que esa cesión que no seu día sí que houbo, que poida retornar outra vez para o concello. E que esa cesión sexa de carácter duradeiro.

Non pretendemos, se expuxo neste Pleno, precisamente os problemas neste caso, para realizar os orzamentos do primeiro ano ou os temas de gastos de contención, non pretendemos que o concello asuma ningún tipo de custo ou gasto a maiores e si que poda destinar, neste caso, os recursos e política social porque con 473 persoas en lista de espera en axuda a domicilio compre, é necesario, máis que necesario gastar estes cartos precisamente aí.

Pero existindo a posibilidade neste caso, de tal como existe, de esa cesión digamos, obrigatoria, por parte dos propietarios ao concello de Narón, por esa afectación urbanística o que compre é axilizar canto antes que esa cesión sexa con carácter urxente. Que se fagan xestións porque meramente esta moción é unha petición. Podía incluso ir como un rogo pero é unha petición para que se lle leva un mandato neste caso á Alcaldía e ao equipo de goberno para que xestione coa empresa concursada, coa inmobiliaria para que xestione esa cesión anticipada e ese retorno.

E unha vez que xa o teñamos nós o poder, unha vez que volva outra vez e retorne ao que é a propiedade e ao noso contexto por acervo histórico e patrimonial do concello de Narón, teremos que ter un debate. Teremos que ter un debate en que queremos destinar a casa San Román. Ese

debate tocará telo, para min, xa llo digo personalmente, paréceme un edificio multifuncional que pode ter diversos usos. Pero ten que nacer fruto do consenso.

Primeiramente dos veciños e veciñas neste caso, de Xuvia, pero ten que ser destinado a todo o concello e a todos os veciños e veciñas de Narón.

Polo tanto a moción, persigue este sentido, evitar que poida ser destruído ou que poida ter danos que sexan irreparables, un edificio, digamos, dos poucos edificios históricos que temos en Narón, evitar que a día de hoxe que é pasto de okupas que poida retornar ao acervo neste caso, patrimonial do concello de Narón. Moitas grazas Sra.alcaldesa.

-Sra.Ledo Díaz: si. Cremos que esta moción é acaída porque ademais fala de entablar contacto cos donos ...está en concurso de acreedores para ver se é posible a cesión, é unha casa catalogada que ten moitas singularidades fóra do que son as casas indianas e cremos que é moi importante apoiála. Non me estendo máis, hai xente que quere intervir pero nada, apoiámos esta moción presentada polo partido socialista.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

En referencia a estas vivendas protexidas como a casa San Román, no Concello de Narón hai un PXOM aprobado do ano 2002 e tramitando unha actualización nestes momentos, onde se recollen nun catálogo as vivendas e edificios protexidos en Narón, sería necesario facer un seguimento a todos eles e mesmo facer unha valoración para trasladar aos propietarios as necesidades e recomendacións dos traballos de mantemento e conservación.

Así se evitaría chegar ao momento de non retorno polo estado de degradación sufrido cos anos, por falta dun programa de mantemento.

O Goberno de Narón desde Alcaldía ou desde a delegación correspondente debería dar a instrución aos técnicos do departamento de urbanismo e tesourería a que fagan o cálculo da cantidade que recada o Concello de Narón no IBI por estes edificios catalogados ou protexidos.

Con esa recadación deberíase sacar unha liña de subvencións, para este tipo de edificios cunhas bases onde se recollan unha serie de condicionantes como a urxencia na rehabilitación, antigüidade da edificación así como valorar o status económico dos propietarios.

Tamén sería necesario que desde o grupo de goberno se integrasen na área de Rehabilitación Integral ARÍ xestionadas polos Concellos.

E na Área de Rehabilitación integral Supramunicipal-Ari dos camiños de Santiago.

E con eso tamén pediría un equipo técnico de control e inspeccións dos distintos edificios protexidos e catalogados para trasladar os informes aos propietarios ou promotores responsables da conservación e mantemento deses edificios para que ao final non pase como nos pasou co muíño das Aceñas, como nos vai pasar con casa San Román e como nos pode pasar con outros edificios catalogados e de interese para que o concello poida facerse con eles para que non teñamos que soportar uns custos adicionais moi superiores ao que ao mellor, neste momento, pode soportar o Concello de Narón. Creo que dende aí se debería de actuar e nós a verdade é que estamos a favor desta moción para que cedan a casa San Román ao concello, pero sí que pediría responsabilidades aos propietarios que actualmente teñen esa vivenda e que simplemente non nos cedan esa casa San Román sin que haiba unha inversión importante por parte desa propiedade, para rehabilitar e axudar ao concello para que non sexa todo con fondos públicos. Aparte que dende o concello se poida buscar outras axudas noutras administracións, para poder rehabilitar e acondicionar esa casa como corresponde.

Pero que non sean sempre os fondos dos impostos dos nosos veciños os que teñan que soportar estes abandonos de edificios tan históricos e de tanto interese para o noso municipio. Nada máis e moitas grazas.

INCIDENCIA: Sae a Sra.De Arriba Fernández sendo as 21:50 e volta ás 21: 53".



-Sr.Ramos Rodríguez: bueno, boas tardes. O Concello de Narón está interesado en recuperar todo o patrimonio que teña o concello e a proba desto é que no muíño de Xuvia a primeira compra, a primeira rehabilitación se gastaron moi por enriba de 2 millóns de euros. O ano pasado compramos o muíño das Aceñas, estamos traballando na redacción do proxecto para a súa rehabilitación integral. O Concello como todos sabedes ten un presuposto e ten que establecer unhas prioridades e unha moción parecida a esta a presentou o Bloque con respecto ao chalet de Chamorro. Hai 2 días Aliseda poñía en venta o dispensario que está enfrente ao chalet de Chamorro. Tamén son edificios con protección patrimonial.

Vosotros pensades sinceramente que o concello pode comprar todos estes inmobles e rehabilitalos? Eu sinceramente penso que non, de todas maneiras imos a votar a favor desta moción e imos iniciar ese expediente de recuperación para o concello dese edificio. Pero tedes que saber que é un edificio dunha propiedade privada. Que está en concurso de acredores co cual os requerimentos que lle fagas para rehabilitar ese edificio van a ser nulos, é dicir, nada. E como gastar papel para nada.

Logo despois tedes que ter en conta que está nun área de Reparto. Aí nesas cesións entran todas nesa área de Reparto. Non só ese propietario, entonces que sepades de antemá que é un expediente complicado que non se vai resolver pasado mañá. Pero de todas formas imos a votar a favor, vale?

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Ramos, parece que votas a regañadientes. Podes votar en contra, podeste abster, hai maioría no Pleno para que salga adiante. Non te preocupes, os de Terra Galega podeades facer o que queirades, no. Non vos sintades obrigados a apoiar unha moción do PSOE. Nada máis.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: A favor 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

12 °.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

1/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RECLAMANDO A "INCOACIÓN DUN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONCESIÓN DA DISTINCIÓN DE MEDALLA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARON A DONA JESSICA GARCIA E DON DAVID LOPEZ (CLUB UN PASO ADELANTE) E DON MARTIN LOPEZ (CLUB NAUTICO FIRRETE) POLOS SEUS MÉRITOS DEPORTIVOS".

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando a “INCOACIÓN DUN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONCESIÓN DA DISTINCIÓN DE MEDALLA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARON A DONA JESSICA GARCIA E DON DAVID LOPEZ (CLUB

UN PASO ADELANTE) E DON MARTIN LOPEZ (CLUB NAUTICO FIRRETE) POLOS SEUS MÉRITOS DEPORTIVOS”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Ó longo do ano 2023, foron moitos os logros acadados polos nosos deportistas que fixeron que o conxunto de Narón se sentira orgullosa.

Non desmerecen o sexto posto acadado polos nenos e nenas do “Club Fusión Dance Narón” no mundial HHI e polo primeiro posto de do club “Lil-Kids da escola Paso a Paso de Narón no programa televisivo Got Talent de Telecinco. Éxitos que sen dúbida cimentarán maiores logros e que deben contar co apoio desta corporación para acasdalos.

Pero por riba se sitúan os campionatos mundiais acadados por Dona Jessica e Don David López do club “Un Paso Adelante” (UPA DANCE) que acadaron o campionato do mundo no WDSF WORLD CHAMPIONSHIP LATIN SENIOR 1, e Don Martín López campión do mundo junior na proba individual de 5.000 metros e medalla de prata europea na carreira de dúos de 1.000 metros

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar á Alcaldía a incoación do expediente administrativo para a concesión da medalla municipal a Dona JESSICA GARCIA e Don DAVID LOPEZ (CLUB UN PASO ADELANTE) e Don MARTIN LOPEZ (CLUB NAUTICO FIRRETE) polos seus méritos deportivos acadados no ano 2023.”

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Primeiro quero explicar o sentido da moción, penso que realmente non foi entendida. O que se pide é o cumprimento da ordenanza neste caso que regula as distincións do concello de Narón, que no seu artigo 38 establece como é o procedemento. En ningún momento hoxe imos votar se concedemos ou non concedemos algunha medalla ás persoas que se nomean na moción. Hoxe non se vota eso, o que se vota precisamente é que se lle insta á Sra.alcaldesa como suxeito lexitimado para instar ese expediente administrativo que realice por parte dos técnicos municipais unha avaliación de se as persoas neste caso, que se levan hoxe no título da moción, co cal se pide o expediente de distinción, son merecedoras ou non. E unha vez resolto ese expediente unha proposición de elevación á Alcaldía, se traerá ao Pleno o cal, o Pleno, noutro pleno posterior decidirá se se vota ou non se vota, se se dá ou non se dá esa medalla, se é merecedora ou no. Polo tanto, estamos na fase inicial de conceder ou non conceder unha medalla a esta xente. O que se vota hoxe en contra é negar a posibilidade de que os nosos técnicos municipais digan ou non digan. De todas maneiras tal e como presento eu, a presente ordenanza Sra.alcaldesa, a día de hoxe, o partido socialista, non ten 1/3 neste caso, que esixe a normativa para pedir a apertura do expediente.

Pero por eso utiliza a presente moción para instarlle á Alcaldía pero entendendo que si sae adiante, se ten 7 votos neste caso a moción do partido socialista entenderase que xa está amparado para que saia a apertura de tal expediente.



Polo tanto, explicado esto, entende o partido socialista e eu persoalmente que esta moción ten que prosperar porque negarlle neste caso, a posibilidade para estudar esta posibilidade para os deportistas que se presentan no expediente pois digamos que non é un tema de xustiza.... Simplemente. Despois nas réplicas xa farei máis fincapé á espera do que din o resto dos voceiros.

-Sra.Ledo Díaz: nós fumos dos grupos que pedimos que se retirase esta moción porque consideramos que crea precedentes. que cando menos cremos que non se deberan de dar.

Primeiro, pensamos que quen se nomean nesta moción merecen todo o recoñecemento.

Segundo, os concellos sabemos que se rexen por un regulamento que recollen situacións extraordinarias que se poden dar de maneira excepcional.

Hoxe ábrese algo que cremos que é complicado. Primeiro, porque non cremos que sexamos aquí as persoas que estamos aquí mellores ca ninguén para decidir a quen se lle dá unha medalla de ouro ou non. Non o cremos. Non cremos que teñamos que ser nós os que poñamos nomes enriba da mesa que non están consensuado,s para que decidan os técnicos ou non porque é meter nun problema tamén ás persoas técnicas.

Dous, o que decía, ten que ser consensuado e porque sabemos que esas persoas ou entidades que se nomean, xa todas as persoas que estamos aquí ou grupos municipais temos felicitado os seus logros.

Eu son consciente de que todos e todas temos feito eso e supoño que sentiremos orgullo de que consigan todos os premios ou as cousas que poidan conseguir no deporte, e xa que falo de deporte non sei porque se propón neste caso, 3 casos concretos do deporte cando é verdade que en Narón hai unha gala do deporte onde xa diferentes persoas técnicas, o xurado, dá un premio en todas as categorías. Preguntámonos porque isto é abrir non, e por que non a unha xornalista ou xornalista a un médico, a unha persoa emprendedora. Hai moitísimas persoas merecedoras de recoñecemento en Narón. Cantas medallas imos dar? Duascentas ao ano? De ouro? Eso tamén custa cartos, eh. Non sei, existe o regulamento para medidas excepcionais. Pero vamos a vir aquí todos os meses con mocións para presentar isto? Non creo que sexa incluso bó poñer a estes grupos porque hai outros similares, bueno, non os vou nomear porque non creo tampouco que o merezan pero sí que aparecen outros análogos e outros clubs tamén merecedores porque estes 3 que escolleu o grupo municipal socialista, os seus 2 concelleiros, e non o resto. E por que temos que decidir isto e que sexan os técnicos os que decidan que sí ou que no?

Creo que ao final tamén estamos sendo pouco respectuosos cos clubs e persoas que se nomean aquí. E se imos a utilizar ás asociacións, entidades, clubs deportivos por intereses políticos consideramos dende o Bloque Nacionalista Galego que cando menos é grave. E demostra que as medallas e coroas non son necesarias nunha sociedade igualitaria.

Non entendemos esta moción . E ademais pola vía de urxencia.

Remato: todos os parabéns polo esforzo, traballo, de quen aquí se nomea e poderíamos, repito, nomear a moitísimas máis porque se algo temos claro no Bloque Nacionalista Galego que en Narón o deporte de base, tamén o deporte de elite é referente e nos pon nun lugar do mundo no que sentirnos todos e todas orgullosos e non só polo apoio institucional senón polo traballo incansable de quen o practica. E que repito, nos fai sentir moito orgullo de pertencer a Narón e ser parte desa veciñanza e poder seguir felicitando, pero non cremos que debamos sentar precedentes de medallas ou coroas ou o que sexa porque non cremos que sexamos aquí máis que ninguén para decidir quen pode merecer unha medalla ou no. Porque o merece entón moita, moita xente.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A iniciativa é interesante pero tamén sería interesante entón modificar posiblemente (estaba dándolle un repaso ao regulamento no protocolo de distincións honoríficas do Concello de Narón),

pero ao mellor habería que facer algunha modificación para que puidera encaixar este tipo. É certo que aquí estamos falando de campeóns do mundo, e puxemos uns nomes e nos faltaría un nome neste caso.

Entonces eso é o que dende o noso grupo, nós estabamos un pouco falando aquí dese tema. Agora sí sería bo que se acordara pois Narón, campeóns do mundo, poucos imos ter, no. Ogallá houbera 3 máis, eh. Pero non imos ter 20 cada ano. Entonces ao mellor había que pensar, valorar, eses campionatos, as dificultades que pode ter, e despois hai que sempre abrir un expediente, ese expediente ten que ter un apoio popular, o normal é que houbera un apoio popular para cando se abra ese expediente e despois valoralo por técnicos da especialidade que fóra, e ao mellor podería encaixar. Como vexo que a cousa está así moi, moi dubitativa por parte de todos, nós a verdade é que nos imos abster. Ímonos abster e o invito a que haiba un debate deste tema, como dixen antes, noutro sentido poden ser os portavoces, pode ser o encargado neste caso de deportes, de cada grupo e valorar se é posible, recoller no que é o regulamento do protocolo de distincións honoríficas do Concello de Narón, se hai esa posibilidade. Aquí campeóns do mundo, é moi difícil ser campeón do mundo e a verdade é que se en Narón hai algún campeón do mundo, oie, pois algún premio deberíamos de darlle.

É certo que hai a gala do deporte, é certo, pero entonces ao mellor hai que facer unha distinción especial na gala do deporte para os campeóns do mundo. Porque por ser campeón do mundo non ten porque ser o deportista do ano de Narón.

Entonces creo que un concello de 39.000 habitantes que estamos nunha rexión como é Galicia, ter campeón do mundo, creo que debemos de estar orgullosos e deberíamos de honralos con algunha distinción especial desde o noso concello.

E despois hai a segunda parte, Sra.alcaldesa, que creo que tamén sería importante. É dicir, cando hai un campeón do mundo, o concello fai unha recepción para recibilos e nos gustaría que todos os grupos que fomos invitados a esa recepción porque ao final pertencemos tamén a este concello, no. Entonces sería interesante que todos os grupos fomos invitados. É o que nos aportamos. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Santalla Borreiros: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, eu como decía antes da intervención de Germán que ía comezar, non me parece lóxico traer hoxe aquí a este Pleno, unha moción urxente a este Pleno para valorar si uns deportistas teñen que ser galardonados cunha medalla de Narón.

Eu creo que todos os deportistas que temos en Narón son merecedores de medallas, non vou ser eu quen valore se David e Jessica, ou se Martin, ou si Yago son merecedores da medalla de Narón porque creo que ese é un traballo que se debería de facer a nivel técnico.

Na gala do deporte, quen di as mencións, e quen valora a deportistas ou a cada club son profesionais do deporte e son profesionais de xornalistas do deporte.

Creo que sería o máis normal que quen valorara a uns deportistas son os técnicos e non os outros políticos quen teñen que valorar a deportistas.

E despois eu creo, Germán, sendo deportista como fuxe, creo que ningún político debería de valorar se ao ano seguinte ía ser campeón galego ou non ía ser campeón galego.

Eu creo que dicir que poucos deportistas de Narón van ser campeón do mundo, eu creo que hai que apostar polo deporte de Narón, hai que apostar polos deportistas de Narón, e non sabemos se van a ser campeóns do mundo 10 ou 20. Xa se saberá. Imos intentar que sexan campeóns do mundo.

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, entendo que sabes que o da urxencia é precisamente que chegamos a meter unha moción e logo foi outra, entonces vou meter outra como urxente. Non é que levara como urxente esta moción, para que quede claro. Eu creo que me expliquei ben. De todas maneiras xuridicamente temos aquí ao secretario que calquera concelleiro que teña dúbidas digamos, de que si a miña exposición non era correcta que me corrixa o secretario, ou senón que o secretario o aclare mellor

ca eu. Poido estar errado, para eso temos ao secretario que interprete a nosa ordenanza municipal. Se é un erro na miña interpretación, que todo é posible, pero entendendo que a miña interpretación é a seguinte a que vos dixen anteriormente, e que vou reiterar é que hoxe o que estamos debatindo precisamente é se abrimos un expediente para que a Sra.alcaldesa nomee a uns técnicos municipais non aos políticos aos que lles poñemos a medalla eh, non somos nós os que decimos, para que os técnicos municipais digan se a xente que vai na moción é merecedora por eses logros de ter calquera medalla ou distinción en calquera caso no Concello de Narón. Vale?

Por certo Germán, a ordenanza esta recolle que si finalmente hai que darlle unha medalla ten que estar a Corporación en pleno de gala, neste caso, toda a Corporación, os 21 concelleiros para facer ese recebimento. Por tanto, che invito incluso a que cambies de posición.

Bueno, agora imos a volver xa outra vez deixando o debate técnico, xurídico, como lle queirades chamar, imos ir ao sentido da moción e polo tanto, pido simplemente un minuto de silencio para facer a miña exposición.

Se estiveramos falando en vez de baile latino, en vez de kayak, estiveramos falando de fútbol, habería dúbidas de que a un xogador da selección que ganase o campionato do mundo, que ganase Europa, que quedase campeón de España, nos conformaríamos só no concello de Narón con darlle o premio deportista do ano? No. Xa vos digo eu que no. Recibiríamolo aquí coa alfombra vermella, eh, totalmente laureado e decindo “ que bon é, que deportista de Narón”. Pero sin embargo, como son deportes minoritarios, o que preferimos facer é “imos facer a festa da gala do deporte” e nin sequera lles damos aos dous que quedaron campeóns do mundo, llo damos só a un. Xa me diredes cales son os criterios.

A parella neste caso de Jessica e David. Un cuarto posto no mundial no ano 2021. Un segundo posto no ano 2022. Campeóns o ano pasado. Cinco anos consecutivos campeóns de España, subcampeóns de Europa, que teñen que facer esta parella de Narón que anda paseando polo mundo adiante no nome de Narón para que Narón lle faga un recoñecemento que non sexa só saír no Facebook de Terra Galega? Perdón, no do Concello de Narón, vale? Porque é así, parece que o Facebook neste caso do concello de Narón, é única e exclusivamente para os concelleiros neste caso, de Terra Galega. Eso sí, vos apresurades rápidamente e hábilmente a calquera triunfo que hai por aí, fotito al Facebook de Narón. Recepción al Facebook de Narón. Terra Galega, como lle queirades chamar.

Entonces, cal é o sentido precisamente de que non apoiades esta moción? Cal é o sentido?

Por rematar, o que se está é poñendo trabas precisamente a estudar internamente se é merecedora ou non. Non sexa a Corporación, non sexamos nós os políticos se temos que decidir se estes deportistas son ou non son merecedores neste caso, da distinción do Concello de Narón, non censuremos aos nosos deportistas, non censuremos aos nosos veciños. Vaiamos para adiante e avancemos como debemos avanzar.

-Sra. Ledo Díaz: sinceramente, chegamos a pensar ... os argumentos que nos están dando aquí me parece.....está utilizando a persoas para facer populismo. E eso é moi grave porque no deporte de base e ti o sabes, aquí hai moita xente que participa. E o que está decindo eso que ti nomeas, vaia, as persoas técnicas e que as persoas técnicas decidan se o merecen ou no. E se deciden que sí? Temos que darlle esa responsabilidade? Vou a máis, pódese falar de fútbol e do que queiras, pero nunca se deu unha medalla, nunca neste concello. Existe no regulamento para causas excepcionais. E está a falar só de deporte, só de deporte, cando si hai unha gala do deporte.

E hai persoas excepcionais en Narón fóra do deporte que se merecerían todas as medallas. Dende xente que salva vidas, xente que tal.....poderíamos estar ata o infinito. Estás intentando sentar un precedente e que nos dediquemos aquí a decir medallas e medallas e podemos facer a moción e en vez de 3, poñer 475 nomes, podemos facelo. Pero non estamos sendo xustos. E se o que queres é

utilizar a unhas persoas para o propio beneficio dun grupo municipal é cando menos grave. E que nos acuses aos demais de non apoiar o deporte de base cando non é certo, e cando todos somos veciños e veciñas e temos relación co deporte de base e temos relación con moitas asociacións e entidades dende o Bloque Nacionalista Galego, con nós non contedes.

E xa o digo eh, plantexámonos absternos nesta moción, pero non son merecedoras as persoas polo respecto a esa xente e porque nunca se outorgou unha medalla, e porque no BNG non consideramos que aquí sexamos máis que ninguén, nin medallas, nin coroas, etc.etc. e se hai que vestirse de gala, bueno, perdón a brincadeira, pero o único aquí que cumpriría sería o secretario que sempre vai de punta en blanco.Vale?

E se imos a estar usando sempre o lamento para caer dun lado, do outro e tal, con nós non contedes.

Esto é algo serio, aquí decidimos políticas para o beneficio da veciñanza, home por favor. Home, por favor, e nos estás acusando de cousas moi graves, moi graves. Sexamos respectuosos cos veciños e veciñas, que nos votaron, cos que non nos votaron, que tamén hai moitos. Sexamos.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Creo que nos estamos excedendo. Creo que sí. Sr.Jorge, eu non decía da medalla, decía que se se facía unha recepción como se estaba facendo ata o de agora, pois que invitara a todos os grupos a esa recepción. É ao que me refería. Non me refería ao tema da medalla.

Ao Sr.Santalla, creo que... ogallá haiba 40,100, 200, pero seguramente non teñamos esa sorte pero ben ... pero posiblemente para ter eses tantos deportistas campeóns do mundo, campeóns de España, campeóns galegos, campeóns provinciais, campeóns de Narón, campeóns do que sexa, e simplemente para practicar deporte, para acompañar a outros a facer deporte, que outros sexan campeóns. Porque todos non poden ser campeóns, verdade? Todos non poden. Pois lle pediríamos que hai que fomentar e potenciar o deporte en Narón, que hai que mellorar as instalacións e hai que contratar a un técnico deportivo municipal. Eso é importantísimo Sr.Santalla. Aquí temos que sacar cousas en positivo e conclusións positivas para mellorar o noso concello. E para mellorar a actividade deportiva como vostede ben dixo.

E nós estamos nese camiño, nós queremos ese camiño e intentamos que así sexa. Pero tamén, dende o goberno terán que facer os esforzos e os traballos, xa lle dixen antes á concelleira de turismo e non lle gustou, hai que traballar. E creo que bueno, aquí somos libres de presentar as mocións como queiramos e como poidamos e tampouco creo que non é para pasarnos e excedernos como pasou hai un rato. Creo que cada un ten a súa liberdade para eso estamos en democracia de votar e facer o que lle corresponde. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra. Hermida Rico: bueno, eu estou totalmente indignada igual que Olaia. Pero totalmente indignada porque a min me parece que estamos nun sitio moi serio. E paréceme que algún se toma esto a cachondeo. Con bromita de aquí, bromita de alá e non sei qué. Mira, a gala do deporte é un recoñecemento que lle fai o Concello de Narón ao pobo de Narón, non ao concelleiro nin a alcaldesa, no, ao Concello de Narón e representa a alcaldesa a este concello, eh, a todos os deportistas e ademais están todas as categorías de base e de deporte que non é base, recollidas e ademais, hai unha mencións especiais: mellor traxectoria, mellor deportista do ano... unha serie, non sei ben, seis ou sete que chas podería ler aquí nas bases, que están recollidas. Entón paréceme, de verdade, que vir con este tipo de moción e este tipo de cachondeo e por riba con historias de si Facebook, ou redes sociais, ou non sei qué e tal.....e que me parece unha perda de tempo, de verdade, unha perda de tempo. Ao mellor ti tes moito tempo. Cho digo a título particular pero hai xente aquí que ten que conciliar e aquí non estamos para perder o tempo.

Entonces eu respecto que ti presentes unha moción que ti consideras, agora cachondeíto polo medio da moción, no, eh, non o respecto e si esta vai ser a tónica, eu son a primeira concelleira que me levanto, solicito permiso, e me vou. Por favor, eh, por favor. Imos a ser serios. E que estou indignadísima, imos a poñer un pouco de respecto e orden nas intervencións.



E un pode presentar unha moción, claro que a pode presentar pero home, por favor, por favor. Que non estamos aquí para tonterías, eh.

-Sr.Ulla Rocha: respecto á concelleira de Terra Galega, non che vou contestar.

Respecto ao pleno de Narón e aos veciños e veciñas de Narón, que me están escoitando e nos están escoitando. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: aquí a verdade creo que todo vale e volven a repetir 40.000 veces as cousas porque así credes que son realidade.

Realmente o que pedíamos na Xunta de Portavoces, creo que estabamos todos de acordo neste caso, pois o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, comprenderades e creo que non nos unen moitas cousas aos 3 polo xeral, pero neste caso o sentido común é así, si ti queres presentar unha solicitude para unha medalla non lle poñas nome e apelidos; é dicir, existe este regulamento de 2018, non é algo tan vello, non é algo que levemos aquí dende o século pasado, estamos falando do 2018 e que moitos dos que estades aquí cando se aprobou xa estabades. Será mellorable, pode ser que haiba que cambiar, que modificar algunha cousa, é dicir, as propostas pódense facer, o que é triste realmente é que, por que ven cun nome e uns apelidos? É dicir, por que estas persoas? Si realmente queredes que se presente, que se outorgue unha medalla, establecemos, non sei, pois un xurado ou alguén que determine quen son as persoas que teñen que levar ou non a mención.

E de verdade, eh, dende TEGA nos quitamos o sombreiro para estas 3 persoas que aparecen aquí e non estamos a valorar si son ou non merecedoras de levala ou non. Si que é verdade que neste caso, neste ano, hai outro campeón do mundo, que nin sequera ven reflectido aquí.

Co cal xa partimos da base de 3 e con respecto ao que serían 4, é dicir, era moi doado, queremos establecer algunha medalla pero non darlle nome e apelidos. Estamos falando de baile deportivo, non de baile latino, estamos falando como ti dis de deportes minoritarios. Para nós son importantes e todos na gala do deporte teñen a súa cabida e aquí lle digo tamén a Germán, é dicir, hai unha mención especial nesta gala do deporte se lle deu a Jessica e a David. E a outra persoa que se nomea nesta moción que é Martín, foi o mellor deportista.

Quero dicir, estamos falando dun xurado que creo que poñías en dubida por aí, si na túa intervención, verémolo na acta e se estou equivocada pido disculpas de antemán. É dicir, é un xurado que son periodistas deportivos, que son licenciados en INEF e que o concelleiro nin a alcaldesa teñen nin voz nin voto aí, absolutamente nada. Son eles os que cos seus criterios deportivos consideran quen ten que ser mellor deportista, quen ten que ser mención especial e por uns criterios deportivos.

E realmente de verdade, manchar todo esto, dun regulamento que naceu cun espírito positivo de se hai alguen que necesite ou merezca, perdón, un recoñecemento a maiores dos que damos, para eso nace esto. E non para utilizalo políticamente. E o que decíamos o outro día na Xunta de Portavoces nós cando facemos tamén os nomeamentos de muller do ano, en lugar de traer un nome a este pleno o que facemos é tratar de chegar a acordos previamente. E eso é o que tamén manifestei o outro día, que neste caso, coa muller do ano faremos o mesmo.

Entón esto sería, ao meu humilde entender o que deberíamos de facer e non meter unha moción cuns nomes e apelidos, que repito, dende TEGA non estamos a valorar se son merecedores ou non. Estamos a dicir que esta non é a maneira de proceder para poder iniciar calquera procedemento para ter unha medalla neste caso, nin de ouro, porque logo haberá que ver se é no grado máis elevado, no outro, e que quede moi claro, por favor, e que de verdade, que esas afirmacións e comparto o que decía neste caso Natalia, de que poñen en cuestión o bo procedemento de facer deste concello de moita xente a verdade é que xa cansa.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: Abstencións 6

BNG: En contra 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

2/ PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE COMPOÑENTES DO CONSELLO SECTORIAL DE IGUALDADE.- -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A xefa do Servizo Sociocomunitario, M^a Yolanda Martínez García, en data 23-01-2024 emitiu o informe que literalmente transcrito di:

“Asunto: Modificación de compoñentes do Consello Sectorial de Igualdade

ANTECEDENTES:

Nos artigos 45 e 47 do Regulamento Orgánico de participación cidadá, artículase a participación cidadá na corporación municipal a través dos seguintes órganos: Consellos Sectoriais, Consellos Territoriais e Consello Xeral de Participación Cidadá.

Os consellos sectoriais teñen a finalidade de promover e canalizar a participación das entidades cidadás e da cidadanía nos diferentes sectores da vida local en que o concello ten competencia, facendo así posible unha maior corresponsabilización dos/as veciños/as nos asuntos públicos do municipio.

En data 22-01-2024 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello co número 1315 escrito da entidade ASOCIACION MULLERES ARTABRAS no que solicitan participar no Consello Sectorial de Igualdade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).*
- Regulamento Orgánico de participación cidadá (BOP 08-04/2020)*

CONCLUSIÓN:

Á vista do exposto, a xefa do Servizo Sociocomunitario, M^a Yolanda Martínez García, propón á Alcaldía que eleve ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º.- Nomear como novo compoñente para participar no Consello Sectorial de Igualdade, atendendo a súa solicitude, á ASOCIACION MULLERES ARTABRAS, sendo a súa representante dona Margarita Carballo Corral.

2º.- Dar conta do acordo adoptado polo Pleno do Concello á Comisión informativa de Actividade Social e Igualdade na primeira sesión que se celebre, de conformidade co establecido no artigo 126 do ROF.”

Logo de ver o dito informe, esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello de Narón a adopción do seguinte acordo:



1º.- Nomear como novo compoñente para participar no Consello Sectorial de Igualdade, atendendo a súa solicitude, á ASOCIACION MULLERES ARTABRAS, sendo a súa representante dona Margarita Carballo Corral.

2º.- Dar conta do acordo adoptado polo Pleno do Concello á Comisión informativa de Actividade Social e Igualdade na primeira sesión que se celebre, de conformidade co establecido no artigo 126 do ROF.”

Intervención Sra.alcaldesa: é unha proposta para facer o nomeamento no Consello Sectorial de Igualdade da Asociación Mulleres Artabras.

O motivo de tralo fóra da orde do Día e con esta urxencia é para que dé tempo a que sexan convidadas ás seguintes reunións do Consello Sectorial de Igualdade de cara a organizar o día 8 de marzo.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a urxencia de tratar a proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

13º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO

Dáse conta das Resolucións do mes de decembro de 2023:

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldía	NF_ NOMEAMENTO PERSOAL INTERINO SUBSTITUCION TRANSITORIA DO TITULAR	01-12-2023	2.938
